



**Betanzos
Merece
Máis!**

**PROGRAMA DE GOBERNO
ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2023**

BETANZOS MERECE MÁIS!





Amelia Sánchez Pérez



Vanessa Rey Carro



Salvador González
Fernández



María Bonome Orgeira



Xesús Paz López



Pilar Vázquez Rodríguez



Ramón Bouzas Tobío



Teresa Rivera García



Carlos Maceiras Lagoa
"Litos"



Antón Tenreiro Ferreiro



Encarna Vidal Santos



Xavier Campos López



Silvia Aguiar Barral



Andrés Otero Botana



Andrés Otero Martínez



Elisabet Ramos García




Henrique del Río Otero



Concepción Valladares
Vázquez "Tita"



Francisco Porto
Domínguez



Emma María Marques
Solla



Fernando Andrade
Fandiño



Antonio Fafian Casal



UNHA
NOVA GALIZA
CONCELLO
A CONCELLO

Candidatura Municipais 2023
Concello de Betanzos



#BetanzosMereceMáis



**Betanzos
Merece
Máis!**

1 MODELO DE CIDADE





DEREITO AO ESPAZO PÚBLICO

A invasión indiscriminada dos automóviles nos espazos públicos forzou unha privatización que temos que reverter. Mais, alén disto, xera unha sinistralidade viaria urbana enorme e unha sensación de perigo que fan disfuncionais os accesos aos poucos espazos públicos con destino á poboación, prolongando de forma anómala e artificial a dependencia infantil.

No BNG entendemos que o espazo público, sexa no centro da cidade, sexa nos núcleos rurais, é un elemento fundamental de socialización e da cohesión social e, por tanto, debe poder ser utilizado en boas condicións por toda a poboación. Expulsar as persoas do espazo público, con vehículos, instalacións ou barreiras arquitectónicas, é un grave atentado á igualdade de oportunidades.

Neste sentido, traballaremos na dirección de conseguir espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros, con usos plurais, en definitiva, centros de socialización e convivencia.

Isto implica unhas modificacións profundas na mobilidade urbana e unha transformación tamén da propia cidade e dos núcleos rurais, cunha necesaria inversión das prioridades entre os diferentes modos de mobilidade para establecer unha nova relación xerárquica: Peón, Bicicleta, Transporte Público, Automóbil. Dar coherencia a esta nova prelación supón un cambio moi profundo en todos os ámbitos: prioridade de pavimentos, de iluminación, de niveis dos circuitos etc., así como a unha elevada redución e pacificación do tráfico motorizado individual mediante o impulso -mesmo a partir das xestións coas administracións competentes- do transporte público colectivo desde a optimodalidade e as distintas posibilidades que puideren existir (bus, tren de proximidade, transporte á demanda...).

O obxectivo xeral é **devolver o conxunto dos espazos públicos ás persoas**. Para isto é preciso **concibir o espazo público como dereito básico das persoas** e unha obriga da administración, de importancia similar a outras prestacións sociais e servizos públicos.

Implica, por tanto, **dar prioridade absoluta ás persoas, acceso democrático e equidade no uso dos espazos públicos**. Tamén tomar en conta a perspectiva de xénero no tratamento dos espazos públicos: desde o punto de vista simbólico, da seguridade e da mobilidade.

Con base nestes criterios, desenvolveremos as seguintes medidas:

- Promover e aplicar medidas que supoñan que a mobilidade peonil sexa a primeira prioridade na mobilidade municipal, avanzando na recuperación e creación de espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros e con usos plurais, de modo que sexan centros de socialización, convivencia e camaradaría veciñal (entre outros, prazas, parques infantís, auditorios ao ar libre, espazos para as persoas maiores e para a mocidade...).
- Elaboración dunha ordenanza de uso dos espazos públicos do Concello para ordenar e facilitar o seu emprego.

Piadela
Merece
Máis!



- Priorización da bicicleta e dos medios de transporte público colectivo fronte a outros vehículos, actuando quer na regulación, quer na ordenación da circulación e no viario urbano, segundo as características e as necesidades.
- Garantir o dereito á mobilidade a través dun conxunto de medios de transporte públicos (bus, tren de proximidade e barco, entre outros), sustentábeis e sen ánimo de lucro, garantindo a comunicación e os desprazamentos por moi diversas causas só desde a rendibilidade social.
- Implantación de rutas escolares seguras nos ámbitos urbanos e vilas para fomentar o desprazamento a pé de crianzas até as escolas.

MOBILIDADE

A mobilidade e o transporte están no eixo central das políticas públicas locais, esta cuestión fai que o deseño de calquera alternativa teña impacto tanto nas áreas máis urbanas ou de tamaño medio, coma nas áreas máis rurais, que teñen máis complexidade á hora de conectar os lugares máis dispersos cos núcleos desde unha perspectiva sustentábel e eficiente.

Nas tarefas ligadas á planificación da mobilidade é necesario agrupar os distintos esforzos competenciais e estruturar as políticas de investimento, co obxecto de enlazar dunha forma máis harmónica e intermodal os distintos sistemas e acomodar os novos modelos de prestación de servizos que se abren co continuo avance tecnolóxico.

Desde o BNG apóstase por unha **alternativa que garanta o dereito ao espazo público igualitario** e do mesmo xeito, tome en serio a necesidade de adoitar **decisións políticas valentes que pasen pola redución de tráfico non necesarios que garantan a sustentabilidade ambiental** por riba de todo, especialmente na redución de emisións CO2 e diminución da contaminación acústica. En definitiva espazos públicos respirábeis e vivíbeis.

Tamén é imprescindible neste punto falarmos da necesidade do **transporte público como elemento articulador da intermodalidade nas políticas públicas**. É preciso e urxente, demandar do goberno galego un transporte público de calidade que conecte e vertebre Galiza, así como a implantación de novas modalidades sustentábeis e ecolóxicas como o transporte a demanda que facilitará a mobilidade onde se determine a través de viaxes compartidas en vehículos de baixa capacidade, de xeito que se poidan priorizar desprazamentos de carácter asistencial e a equipamentos socio sanitarios. Este sistema estará orientado principalmente á poboación de núcleos de baixa e media poboación e colectivos con necesidades de mobilidade específicas (persoas maiores, poboación infantil e xuvenil...).

Requíñ
Merece
Máis!



Tendo en conta estas ideas e entendendo a mobilidade como unha ferramenta para acción ambiental e necesaria en todo o territorio galego propóñense as seguintes accións:

- Garantir o control da calidade do aire a través da súa medición e da creación de observatorios urbanos e promover a redución dos tráficoos innecesarios que contribúen ao incremento da contaminación ambiental.
- Mellorar as condicións para unha boa circulación peonil e ciclista.
- Implementación dun medio de transporte a demanda para a conexión dos lugares e núcleos de baixa densidade que favoreza a equidade na mobilidade.
- Poñer en marcha un servizo de transporte público que conecte as parroquias coa propia cidade de Betanzos, atendendo especialmente as fins de semana e o horario nocturno
- Avanzar no tratamento de viais e camiños no ámbito rural como vías de coexistencia, aumentando a comodidade e a seguranza viaria.
- Abordar de xeito rigoroso aquelas vías máis conflictivas e inseguras de competencia supramunicipal (N-VI, N-651, AC840, AC-542, AC-161, DP-0905) e esixir os estándares de seguridade necesarios para minorar a sinistralidade.
- Demandar ao goberno español, no que a AP9 pasa a titularidade galega, a supresión das peaxes en Guísamo e Macenda e no tramo da autoestrada que salva a ría no Pedrido para retirar o tráfico pesado da Angustia, A Madalena, A Ribeira e a Ponte Vella.
- Actuar de xeito preferente no contorno das dotacións que xeran maior atracción de persoas (centros de ensino, centros de saúde, centros administrativos, centros sociais e culturais etc.) para garantir a mobilidade universal e a seguranza viaria.
- Avanzar no control do nivel de ruído utilizando todos os instrumentos normativos, técnicos e de xestión máis acaídos a cada situación.
- Incrementar e protexer as zonas de uso público, convivencia e lecer, que inciden directamente na calidade de vida tanto no rural como no urbano, e son unha necesidade urxente: prazas, rúas, parques, xardíns, equipamentos colectivos, Casco Histórico...
- Avanzar na implementación de políticas de mobilidade que contemplan a accesibilidade no espazo público desde unha perspectiva integral a través, entre outras medidas, da supresión das barreiras arquitectónicas e sensoriais que impiden a mobilidade, incidindo moi directamente na calidade de vida das persoas.
- Demandarlle á Xunta de Galicia e ao goberno español a implantación dun servizo de tren de proximidades e a reapertura das estacións ferroviarias da cidade e de Infesta e mais o apeadeiro da Graña para este servizo.

**Betanzos
Merece
Máis!**



- No planeamento urbanístico, situar a estación de autobuses nos terreos da “Baldosa” garantindo unha ocupación do entorno de mínimo impacto, e delimitar estacionamentos disuasorios no entorno das estacións e paradas de transporte colectivo e nos accesos á cidade
- Poñer en marcha un sistema de información sobre os horarios, frecuencias e rutas dos distintos transportes públicos, renovando as paradas e deseñando unha aplicación para móbiles.
- Situar nas zonas de estacionamento situadas á entrada da cidade, nas estacións de buses e tren e no entorno das dotacións que xeren maiores tránsitos (colexios, ambulatorio, zona deportiva etc.) mapas que indiquen a distancia ao centro e aos puntos de interese en metros, pero tamén no tempo que leva cubrir esa distancia a pé.

URBANISMO AO SERVIZO DAS PERSOAS

Toda actividade humana realízase e está condicionada polas características do territorio sobre a que se asenta, mais á súa vez, a propia actividade vai modificando ese territorio soporte de todas as actividades (traballo, estudo, produción, lecer...). Ao longo da historia, esta modificación realizouse de modo lento; na xeira actual, cada vez máis aceleradamente. De como se produza esa modificación do territorio e da maneira en que se trate ese medio vai depender en grande medida a calidade de vida das persoas, tanto na súa dimensión social como na individual. Acadar un desenvolvemento harmónico do medio e co medio (sexa rural ou urbano), coidar este medio é a única garantía de mellorar a calidade de vida e, ao tempo, non hipotecar o futuro; a preservación da identidade do territorio é esencial para o establecemento dun modelo económico, social e territorial sustentábel e con perspectivas de futuro.

Un medio ben coidado, un territorio ben ordenado, con unhas infraestruturas de servizos, un sistema de comunicacións, unha localización das actividades, unha protección de valores naturais e produtivos, un contorno harmónico e agradábel, etc, o máis acaído posíbel ás necesidades presentes e futuras da sociedade, constitúen a única garantía de resolveren as tensións e desequilibrios existentes e á súa vez permitir unha actividade social e económica en boas condicións, optimizando os recursos produtivos propios.

Aliás é o único xeito de acadar un desenvolvemento económico que poida permitir e asegurar no tempo un aumento do nivel e, sobre todo, da calidade de vida. Con estas consideracións xerais facemos fincapé nunha cuestión de máxima transcendencia: o papel que teñen os concellos na ordenación do seu territorio, no urbanismo e no medio. A curto prazo a función máis importante dos concellos consiste na prestación dos servizos básicos, pero a medio e longo prazo, é

**Brabío
Merece
Máis!**



precisamente tratar de incidir na ordenación acaída do seu territorio tanto na previsión de intervencións sobre el como nas actuacións que se fagan para o seu coidado e permanencia.

Os concellos manteñen a capacidade de propoñer, suxerir, premer, alegar perante as demais administracións para lograr un territorio mellor ordenado, e o BNG nos concellos utilizará estas facultades, aínda que cativas, para lograr esa mellora. Coa actual normativa e a multitude de competencias de Xunta e Administracións sectoriais (aeronáutica, estradas, ferrocarrís, costas, augas, portos, patrimonio, medio rural, etc.) a capacidade de deseñar, planificar e programar o desenvolvemento urbano por parte da colectividade municipal fica reducida á mínima expresión.

Aínda coa pouca marxe de manobra que queda, hai maneiras e maneiras de proxectar o desenvolvemento urbanístico de Betanzos. O modelo actual, continuador do desarrollismo dos 60 e plasmado no Plan Xeral aprobado polo PSOE no mandato municipal que remata, non responde ás necesidades dun concello como Betanzos: construción en zonas inundábeis, zonas verdes desterradas ás ladeiras con fortes pendentes da periferia do casco urbano para unicamente computar estatisticamente como zonas verdes sen posibilidade de uso real polas persoas, destrución do núcleo tradicional de Infesta para reconvertelo en cidade-dormitorio pegada á autovía, ausencia de dotacións esenciais para dar servizos de calidade á poboación...

En consecuencia, o BNG terá como obxectivo facer bo urbanismo, unha ocupación sustentábel do territorio, con actuacións que melloren a calidade de vida e de prestacións públicas, sen condicionantes predeterminados, ou sexa, **escolloendo para cada necesidade as solucións administrativas e técnicas que se amosen máis axeitadas**, implementando procesos internos que permitan axilizar a concesión de licenzas e a solución de expedientes urbanísticos.

Con esta perspectiva, adoptaremos, entre outras, as seguintes medidas concretas:

- A nivel de planeamento xeral, triplicar as zonas verdes actualmente existentes, en lugares susceptibles de uso público, priorizando o carácter verde e libre das veigas dos ríos como lugares de riqueza natural, de lecer, espaxamento, equipamentos deportivos e sendeiros ambientais, programas de hortas comunitarias etc. de forma que garantan a conservación do medio e dos valores etnográficos da labranza.
- Emenda á totalidade ao PXOM, cunha aposta firme pola rehabilitación do parque inmobiliario (tanto nos barrios históricos como nos núcleos rurais degradados), regulación dos barrios históricos, ocupación sustentábel do territorio, actuacións que melloren a calidade de vida e de prestacións públicas...
- Delimitar no Plan Xeral os usos do solo, para evitar a instalación de factorías, antenas de telefonía ou gasoleiras xunto ás casas, reservando espazo para elas nos polígonos industriais.

As Viñas
Merece
Máis!



- Garantir a participación veciñal na aprobación do Plan Xeral e demais instrumentos de planeamento urbanístico.
- Mellora do ambiente urbano, outorgando prioridade ás persoas na propia reurbanización dos espazos: pavimentacións, xardinaxes, alumeados... Rematar as medianas vistas dos edificios cun programa de muralismo de calidade para integralas na paisaxe.
- Delegar no Pleno a potestade para aprobar ou modificar o planeamento secundario así como o outorgamento de licenzas de obra para maior transparencia.
- Axilizar a concesión de licenzas e a solución de expedientes urbanísticos

AS ESIXENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO

A sustentabilidade ambiental supón o compromiso da presente xeración cara a xeracións vindeiras, xorde de asumir a responsabilidade na que o patrimonio natural, as paisaxes, os territorios e o medio sexan respectados, protexidos e preservados. Favorecer a combinación de usos, a rexeneración e reutilización de espazos degradados limitando así a perda de ecosistemas e os seus servizos. Impulsar unha ordenación territorial intelixente, que prime maiores densidades de poboación e potencie a combinación de usos, incentivando a reutilización e rexeneración do solo.

A continuación abordaremos as propostas de carácter estrutural vencelladas co cambio de modelo. As relativas a servizos e competencias municipais que precisan un cambio de paradigma, para acadar un enfoque completo, de calidade e sustentábel, que contribúa á calidade de vida e á loita contra a emerxencia climática debúllanse no apartado correspondente aos servizos públicos municipais.

Neste sentido, propoñemos:

- Mellorar o medio ambiente urbano coa ampliación das zonas verdes e a plantación de árbores no centro da cidade, con especies adaptadas ao noso clima e exigencia do arborado urbano.
- Levar adiante programas a prol da biodiversidade tanto no centro urbano como nas parroquias (árbores froiteiras de variedades autóctonas, programas de divulgación e instalación de casas-niño...).
- Realizar campañas de control das colonias de animais da rúa.
- Pór en marcha un programa permanente de eliminación de especies invasoras.
- Recuperar de forma ecolóxica o bordo fluvial degradado dos ríos nas zonas do Frade, Areal, Acea, Cañota, Xuncaliño, Caraña...

**Tiobre
Merece
Máis!**



- Posta en marcha dun plan específico de mantemento e seguimento para arborados singulares (campos dos Caneiros e San Paio, cemiterio vello e xardín da Estación, campo da Feira Nova) e de árbores singulares (magnolio de Lanzós, carballo de Tiobre...) para manter a súa saúde, carácter singular e valor ambiental.
- Editar unha guía verde para pór en valor as especies vexetais e animais coas que compartimos espazo na cidade. Poñer en valor tamén os espazos naturais que rodean Betanzos.
- Incentivar a recuperación de oficios que impliquen reparación, mantemento e reciclaxe local de materiais usados. Integrar o punto limpo con estes servizos.
- Promover a creación de servizos comunitarios, de barrio ou parroquia, para reducir o consumo enerxético particular e axudar aos colectivos en risco de exclusión social. Por exemplo: aluguer de maquinaria, lavanderías...

A VIVENDA, UN DEREITO MÁIS

Acreditamos en que os poderes públicos teñen a obriga de elaborar e pór en práctica políticas que garantan o dereito da cidadanía a unha vivenda digna, especialmente a aqueles sectores de menos recursos e máis necesidades. Aínda que as competencias e recursos públicos dispoñíbeis para executar estas políticas están repartidas entre o Estado, a Xunta e os Concellos, no caso galego está moi centrada no IGVS e Xestur. Aínda así, os Concellos, como institucións máis próximas á cidadanía ten a obriga de liderar e coordinar todas as actuacións que se fagan neste eido.

A primeira e fundamental acción a desenvolver por un concello que teña como preocupación primordial garantir o acceso da poboación a unha vivenda digna acorde coas súas posibilidades económicas, consiste nun coñecemento e **seguimento exhaustivo da situación real das necesidades da poboación e da dinámica do mercado** para ter a información axustada e precisa de cando menos as seguintes variábeis:

- Demanda real de vivendas e sectores que poden/non poden satisfacer as súas necesidades na situación do mercado no momento que se trate.
- Repercusión do prezo dos solares sobre o prezo final; posibilidades de arrefriar esta repercusión cando sexa excesiva.
- Demanda e oferta de vivendas de Protección Oficial e de Prezo Taxado; funcionamento real deste mercado e desviacións que se detectan.
- Necesidade real de Vivendas de Promoción Pública destinadas a cubrir as necesidades dos sectores con menos recursos.

Pontellas
**Merece
Máis!**



- Necesidade de actuacións directas dos Concellos sobre o mercado do solo e da vivenda para corrixir sobrevaloracións artificiais, adoptando as medidas necesarias, das cales, sen desbotar outras, a máis eficaz é xestionar solo para que haxa oferta suficiente de soares.
- Situación do mercado de alugueres e pertinencia de actuacións sobre el para corrixir posíbeis deficiencias e encarecementos excesivos.
- Evolución e repercusión dos custes financeiros e posíbeis adaptacións do mercado para detraer cara a axentes distintos do consumidor os beneficios da súa redución.

En base a este estudo, as liñas xerais de acción da política municipal de vivenda serán as seguintes:

- Solucionar o problema da vivenda aos sectores en situación máis precaria e con imposibilidade de acceder á súa adquisición no mercado.
- Mellorar a calidade da vivenda, tanto a de nova construción como a xa existente para que reúna as condicións de salubridade, habitabilidade e calidade que hoxe se requiren, actuando especialmente sobre a rehabilitación.
- Impulsar unhas cantidades e tipoloxías de vivendas de Protección Oficial e Promoción Pública que sexan quen de satisfacer a demanda detectada.
- Incentivar a rehabilitación de edificios para uso habitual como vivenda, tanto nos barrios históricos como nos núcleos rurais tradicionais, poñendo en marcha unha Empresa Municipal de Rehabilitación.
- Apoiar a creación de cooperativas de vivendas.
- Esixir da Xunta de Galiza a elaboración e execución dun Plan Público de Vivenda que garanta o acceso á vivenda á totalidade da poboación.
- Solicitar a cesión a Galiza de todas as vivendas das que dispón a Sareb no noso país.
- Esixir á Xunta de Galiza a creación do Banco Galego de Vivenda, co obxectivo de administrar e xestionar as vivendas baleiras para poñelas en aluguer a uns prezos accesíbeis, así como aumentar as axudas ao alugueiro destinadas á xente moza co fin de garantir que a mocidade teña facilidades para vivir nos concellos.
- Realizar un seguimento, control e estudo do parque de vivendas baleiras distinguindo tipos de vivendas segundo localización, o tipo de propietario e os motivos polos que se atopan en desuso, de cara a desenvolver políticas específicas para tratar de mobilizar parte dese 26% de vivenda baleira que rexistra Betanzos que responde á especulación (executar a suba do IBI á segunda vivenda desocupada, lanzamento de programas de fomento do aluguer, etc)
- Desenvolver un plan de rehabilitación de vivendas que mellore a inserción laboral da mocidade desempregada.

**Piadela
Merece
Máis!**



UN CASCO HISTÓRICO VIVO É UNHA LOCOMOTORA

Por decenios, con honrosas excepcións, as políticas públicas desenvolvidas pola Administración municipal identificaron o patrimonio histórico como un atranco para o progreso de Betanzos e tenderon a drenar- de poboación, comercio, servizos- o centro histórico.

Para nós, non só é Casco Histórico o que está dentro da muralla: hai casco histórico na Ribeira, nas Monxas e na Cañota, na Ponte Vella, nos Remedios e na Condomiña. Houbo outros cascos históricos na Cruz Verde e nas Cascas, hoxe practicamente desaparecidos. Todos son cascos ou barrios históricos e todos merecen atención.

O patrimonio ten que deixar de ser un problema, unha arma electoral ou unha fonte de propaganda cada catro anos. É imposible poñer en valor algo que se percibe como un problema. Os nosos “cascos históricos”, restos do noso pasado, son unha oportunidade para Betanzos e para a súa veciñanza.

Cómpre mudar o paradigma con que o Concello ten tratado o centro histórico. Pasar da ecuación patrimonio=problema a sucesión “coñecer para apreciar, apreciar para poñer en valor, valor para crear benestar”.

En consecuencia, cómpre unha actuación multidisciplinar e transversal para reverter os problemas que catro décadas de drenaxe teñen suposto a nivel sociodemográfico, urbanístico, patrimonial, ambiental.... Dado este carácter multidisciplinar e transversal, parte das políticas concretas para reverter a actual situación do Casco Histórico están nos apartados relativos a cultura, emprego ou servizos de benestar, abordándose aquí as cuestións estruturais.

Neste sentido, propoñemos:

- Abordar a **regulación urbanística do Casco Histórico no Plan Xeral**, proxectando a creación de **novos espazos públicos** e a instalación de **dotacións** e **servizos** no seu entorno para crear sinerxías que contribúan á recuperación do principal entorno degradado da cidade.
- En consecuencia co anterior, impulsar un novo Plan Especial de Protección do Casco Histórico que dea satisfacción ás **novas necesidades e sensibilidades na recuperación de conxuntos históricos**. Facilitar a instalación de garaxes, ascensores e outros elementos sempre que non supoña alterar ou destruír a edificación ou impacto visual.
- **Reforzo da Oficina Municipal de Rehabilitación**, co impulso a novas liñas específicas de axudas e **incentivos á rehabilitación**.
- Cubrir a carencia de dotacións que presenta actualmente o Casco Histórico cun programa de **equipamentos culturais en edificios singulares**, que ao tempo permita poñelos en valor.

Requián
Merece
Máis!



**Betanzos
Merece
Máis!**

2 **SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE**





A prestación de servizos públicos básicos (iluminación pública, vías e espazos públicos, residuos municipais, subministración de auga potábel e saneamento, tránsito nas áreas urbanas...) está entre as competencias municipais máis xenuínas e, por tanto, ás que no ámbito da xestión se debe dar prioridade fronte á asunción de competencias impropias.

Quer o marco legal, quer o exíguo financiamento, acoutan a capacidade de manobra dos concellos para ampliar a actuación cara a novas necesidades. Nesa medida, é nas competencias propias onde os concellos deben centrar os seus esforzos.

Mais, como os concellos non poden nin deben desatender nunca as necesidades da súa veciñanza -posto que, como se ven dicindo, o que non compete aos concellos, afecta aos concellos-, será criterio permanente do BNG reclamar o cumprimento das outras administracións das súas obrigas na prestación dos servizos públicos da súa competencia, apoiando sempre -e encabezando, se for o caso- as reclamacións e mobilizacións sociais que se puideren producir.

O BNG procurará sempre unha xestión dos recursos públicos optimizada, buscando o máximo rendemento e a eficacia no conxunto da actuación municipal e especialmente na prestación dos servizos públicos polo impacto que poden ter na mellora das condicións de vida dos galegos e galegas.

A xestión pública dos servizos debe constituír un sinal distintivo da política municipal do BNG. Nas últimas décadas véñense aplicando métodos de xestión indirecta que representan unha modalidade de privatización. Así, grandes empresas multinacionais poden ampliar o seu beneficio a custa de actividades tan relevantes como a subministración de auga, a xestión do lixo, a limpeza viaria ou a limpeza de edificios municipais, entre outros. As consecuencias foron negativas tanto para a calidade dos servizos, máis caros e ineficaces, como para a o emprego e as propias finanzas municipais. Alén de ser causa de corrupción, é tamén unha forma de detracción dos recursos dos galegos e galegas en beneficio de empresas de fóra.

Por iso o BNG defende a **xestión pública da administración** e dos servizos públicos como a fórmula que mellor garante o funcionamento con criterios de calidade e interese público.

En consecuencia, sendo conscientes das dificultades impostas polo Estado coa intención de privilexiar a xestión concesionada a empresas privadas, manteremos a xestión pública e pularemos pola recuperación da xestión directa dos servizos públicos privatizados sempre que for posíbel.

Por tanto, loitaremos contra as medidas que estrangulan a capacidade dos Concellos e esixiremos a transformación de todas as condicións (marco legal, financiamento local, etc...) que teñen como obxectivo entorpecer a xestión directa. Ademais, os Concellos do BNG informarán con transparencia á veciñanza de todas as limitacións impostas polo réxime español e o modelo social vixente, no camiño de afondar na concienciación popular sobre a necesidade da súa superación.

**Betanzos
Merece
Máis!**



O BNG defende un **proceso de comarcalización real e efectivo**, que dote as comarcas de personalidade xurídica e capacidade operativa para poderen asumir boa parte das competencias das deputacións. Neste contexto, o BNG seguirá a propoñer fórmulas comarcais ou mancomunadas para a xestión de determinados servizos para poder incrementar a oferta e mellorar a prestación optimizando ao mesmo tempo os recursos. No apartado dedicado á comarca debúllanse as propostas e competencias que propoñemos para a **Mancomunidad das Mariñas** que propoñemos fundar cos municipios da comarca natural de Betanzos, sen deixarmos de ser parte da área metropolitana da Coruña.

O BNG defende un uso alternativo do poder público de contratación. Cando for necesario recorrer a ela, a contratación pública será estratéxica e responsábel para acadar obxectivos sociais (cláusula social), éticos (comercio xusto e responsábel) e ambientais (cláusula verde).

Neste sentido, desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:

- Posta en valor e uso do efecto transformador do poder de contratación dos servizos públicos municipais, como operadores económicos que son, con capacidade de intervir e influír nos mercados de bens e servizos, para artellar a economía desde a responsabilidade social que supón a creación de emprego estábel, de calidade e sustentábel.
- Inclusión de cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e lingüísticos. Así, introducíranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero, valorando ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social.
- Aposta polas compras e subministracións de produtos que existan en galego (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto, responsábel e ético.
- Valoración do domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego.
- Do mesmo modo, será promovida a modalidade de contratos reservados para Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral, co obxectivo de fomentar a integración socio-laboral de colectivos desfavorecidos e con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Promoverase un **uso eficiente, racional e aberto dos recursos públicos**, reparando na necesidade de:

- Revisión, cando proceder, das autorizacións e concesións demaniais sobre bens de dominio

**Brabío
Merece
Máis!**



público (ocupación permanente de solo público con terrazas, instalacións, quioscos, aparcamentos soterrados,...) e dereitos municipais, sinaladamente daquelas outorgadas con contra-prestación, condición ou suxeitas a taxas.

- Tamén se efectuará unha revisión e avaliación de todos os grandes contratos de subministracións, particularmente da enerxía e das telecomunicacións, para impulsar a licitación con criterios de sustentabilidade e economía social (empresas enerxéticas que subministren enerxía libre de emisións etc.).
- Inventario de todos os bens, móbeis e inmóbeis, coas ferramentas que proporcionan os recursos tecnolóxicos, non só para determinar o seu número, o seu valor, as súas características e o seu estado, senón tamén para os situar xeograficamente e os controlar.
- Elaboración dun regulamento de uso dos equipamentos públicos do Concello para facilitar o seu emprego.
- Con este marco previamente definido e estas premisas de partida, a acción de goberno do BNG supoñerá unha revisión da filosofía con que actualmente están a ser empregados, polo Concello de Betanzos, tanto os servizos básicos coma os de benestar.

SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

A sustentabilidade ambiental supón o compromiso da presente xeración cara a xeracións vindeiras, xorde de asumir a responsabilidade na que o patrimonio natural, as paisaxes, os territorios e o medio sexan respectados, protexidos e preservados. Favorecer a combinación de usos, a rexeneración e reutilización de espazos degradados limitando así a perda de ecosistemas e os seus servizos. Impulsar unha ordenación territorial intelixente que prime maiores densidades de poboación e potencie a combinación de usos, incentivando a reutilización e rexeneración do solo.

A continuación abordaremos servizos e competencias municipais que precisan un cambio de paradigma, para acadar un enfoque completo, de calidade e sustentábel, que contribúa á calidade de vida e á loita contra a emerxencia climática

CICLO DA AUGA

A auga é un recurso escaso. Un dos grandes retos da humanidade é o abastecemento de auga potábel á poboación en condicións de seguranza. Na actualidade, un dos obxectivos principais aos que se enfrontan todas as sociedades é dar un tratamento adecuado, eficaz e eficiente, a todo o ciclo da auga (captación, distribución, saneamento e depuración).

**As Viñas
Merece
Máis!**



As competencias relacionadas co ciclo da auga están compartidas entre os concellos, a Xunta e do Estado. O actual marco competencial implica necesariamente o acordo entre as distintas administracións públicas para conseguir o fechamento do ciclo de modo adecuado e eficaz. Para garantir o tratamento completo do ciclo da auga cómpre:

- Esixir da Xunta da Galiza a elaboración, financiamento e execución dos plans galegos de saneamento, depuración e abastecemento.
- Garantir o sistema de saneamento (en colaboración coa Xunta da Galiza) procurando as solucións máis adecuadas aos diferentes tipos de núcleos, á súa configuración orográfica e tamaño, apostando por solucións ecolóxicas e co menor custo enerxético (tipo brañas artificiais).
- Completar a separación de pluviais e fecais nas redes urbanas.
- Manter un sistema de vixilancia e control da rede para arranxar as deficiencias existentes e detectar as novas que puideren xurdir, tanto en abastecemento como saneamento.
- Colaborar coas comunidades de augas, o sistema de abastecemento de auga no rural máis adecuado do punto de vista ambiental, para garantir auga de calidade e en cantidade suficiente para os núcleos rurais.
- Impulsar un cambio de modelo de xestión integral da auga que teña en conta o problema cíclico da seca e a súa previsíbel agudización nos próximos anos debido ao cambio climático: un novo modelo que coide os recursos hídricos (como fonte dunha inmensa riqueza biolóxica, paisaxística, social e económica que hai que reservar) e que comprometa as institucións e toda a sociedade na corresponsabilidade, no aforro, na reutilización e, en definitiva, nun uso racional, eficiente e sustentábel dos ecosistemas fluviais e da auga.
- Realizar análises periódicas da auga das fontes tradicionais a fin de velar pola calidade das augas, acompañándoo do axeitado mantemento de mananciais, canos e mobles das fontes e facelos públicos periodicamente no web municipal xunto cos da propia traída.
- Introducir medidas como o aproveitamento de auga de choiva, das lavadoras, duchas... para os servizos sanitarios, de forma que se reutilicen estas augas e se reduza o consumo de auga potábel nas vivendas.
- Abordar, sempre que sexa viábel, tratamentos que tendan á reutilización da auga para usos produtivos.

**Tiobre
Merece
Máis!**



RESIDUOS MUNICIPAIS

A recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais (RM) constitúe un dos servizos municipais máis complexos e que máis recursos públicos consome pois é preciso un importante investimento en materiais e persoal para acadar uns estándares de calidade óptimos, tanto na frecuencia da recollida como no seu posterior transporte e tratamento.

O BNG sempre rexeitou e continúa a rexeitar o tratamento dos residuos municipais no modelo de Sogama, baseado na incineración de case totalidade dos residuos e que non dá cobertura á necesidade ambiental e legal de reciclar os bio-residuos. Por este motivo, no seu día o BNG apoiou a adhesión de Betanzos ao Consorcio das Mariñas, o que non impide que sexamos moi críticos coa xestión que este ente realiza, coa mínima compostaxe que executa a planta de Nostián e con que os residuos rematen quer en Sogama, quer soterrados en canteiras esgotadas na cabeceira do Mandeo xerando un problema ambiental engadido e a un custo superior para a veciñanza, por estar a pagar unha compostaxe que non se realiza.

Por iso insistimos na necesidade de darlle unha volta á xestión dos residuos municipais, apoiada na implicación colectiva e a participación directa de toda a sociedade, pois esa é a premisa para que realmente poida funcionar. Un modelo destas características leva aparelladas mudanzas moi significativas en todo o proceso de xestión municipal e implica a apertura dun fondo debate ambiental e social. Isto implica igualmente que, para impulsar este novo modelo de xestión do lixo, Betanzos ten que asumir un rol proactivo no Consorcio das Mariñas, abandonando a actitude apática e de mera comparsa que actualmente vén desenvolvendo o noso municipio.

Con carácter xeral, desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:

- Exixir unha xestión adecuada dos residuos e cumprimento do contrato no relativo á reciclaxe e á compostaxe á planta de tratamento de Nostián.
- Establecer un novo modelo e frecuencia de recollida rural e urbana que garanta unha separación de calidade dos bioresiduos e demais fraccións, implantando a recollida porta a porta como xeito de optimizar o reaproveitamento dos residuos, rebaixar o custo do servizo para o Concello e poder rebaixar as taxas.
- Aposta decidida na compostaxe, buscando sempre as mellores fórmulas de colaboración interinstitucional que a fagan posíbel.
- Impulso á compostaxe doméstica e comunitaria.
- Impulsar proxectos de restauración ambiental e enriquecemento dos solos nos xardíns e montes en base á compostaxe. Isto permitirá reducir gasto nos xardíns municipais.
- Apoiar a creación de industrias de reciclaxe, a optimización de recursos e o aproveitamento de residuos para a reciclaxe e a compostaxe. Isto permitirá crear emprego en novos sectores.

**Pontellas
Merece
Máis!**



- Reducir o consumo de papel e introducir o papel reciclado na Administración municipal.
- Elaborar, onde for necesario, un plano de selado e eliminación de vertedoiros, con aplicación de medidas de control e disciplina para evitar vertedoiros incontrolados.
- Programa de educación ambiental e sensibilización social.
- Derrogar a actual ordenanza de limpeza que criminaliza a rebusca no lixo das persoas en situación de exclusión social e aprobar unha nova norma centrada na recollida selectiva do lixo, na redución das embalaxes e na concienciación social da necesidade de reciclar e reutilizar.
- Aprobar novas ordenanzas fiscais adaptadas ao novo modelo de tratamento do lixo, que primen a recollida de calidade, a autocompostaxe e a redución da produción de residuos.
- Xestión de residuos especiais (grandes produtores, comercio e hostalaría, industriais, algas, restos vexetais, etc.).
- Colaboración pública coas entidades sociais e comunidades de montes para a mellora dos solos forestais e produtivos coa achega de materia orgánica.

ILUMINACIÓN E ENERXÍA

O alumado público é garantía do correcto tratamento do espazo público desde dúas dimensións. Dunha banda, garante espazos seguros e transitábeis e doutra banda, os espazos ben iluminados teñen especial importancia no deseño de espazos accesíbeis.

Tamén é innegábel que a realidade territorial de Galiza e o feito da dispersión poboacional como singularidade esixe un maior investimento no alumado público. O tratamento da realidade galega debe ter un reflexo real no financiamento local dos concellos.

Todas estas consideracións non deben quedar á marxe das cuestións ecolóxicas na substitución paulatina dos sistemas de iluminación que será chave na eficiencia dos recursos.

Propoñemos, por tanto:

- Mellorar e renovar as redes de alumado público, cos criterios de aforro enerxético, eficiencia lumínica e calidade técnica e estética. Neste sentido, reduciranse as luminarias en rúas cunha cantidade excesiva delas como a rúa Travesa ou a avda. García Naveira.
- Introducir elementos e actuacións de racionalización do consumo.
- Mudar a iluminación das festas por alternativas que reduzan ou directamente non supoñan un consumo de enerxía eléctrica.

**Piadela
Merece
Máis!**



- Estudar o cambio no dereito de aproveitamento do salto de auga do muíño que o Concello ten en Caraña de Abaixo para aproveitamento eléctrico e reducir o consumo eléctrico do Concello.
- Regular e, no seu caso, xestionar medidas de supresión ou minoración dos impactos paisaxísticos e dos riscos para a saúde: trazados de liñas de alta tensión, localización dos centros de distribución.
- Impulsaranse as medidas necesarias (urbanísticas, fiscais, sociais) para retirar os cableados de subministros suspendidos, sexa por fachadas ou polo espazo aéreo dos espazos públicos.
- Demandar ao Estado unha tarifa eléctrica especial para o alumeadado público para dar resposta ás necesidades e singularidades do modelo de asentamento territorial de Galiza.
- Creación de comunidades enerxéticas ou sistemas de consumo asociado para a iluminación pública.
- Traballar por un modelo enerxético galego, público, sustentábel, distribuído e xusto. A respecto do autoconsumo e das comunidades enerxéticas, defender cambios normativos que favorezan estas opcións sociais, colectivas e de proximidade. E ademais impulsar ou colaborar no impulso de proxectos de autoconsumo, comunidades enerxéticas, redes de calor e outras alternativas de enerxías renovábeis de proximidade.
- Apostar polo uso de enerxías limpas e renovábeis, e pular por un cambio nas políticas enerxéticas, tamén no Concello. Neste sentido, fomentaremos entre a poboación as enerxías limpas e alternativas facilitando asesoramento técnico ou de xestión de subvencións.

INCLUSIÓN E BENESTAR

O BNG entende que os Servizos Sociais son un dereito universal e, por tanto, debemos garantir que os recursos sexan repartidos con criterios claros, planificados cunha visión global do País, con xustiza e que cumpran os obxectivos para os que son destinados. Consideramos que é preciso mudar o modelo actual de caridade na asistencia social por outro baseado na solidariedade e o respecto á persoa.

Os servizos sociais son unha cuestión de dereito a vida digna, por tanto non poden depender das circunstancias particulares de cada concello, senón que todos os galegos e galegas deben poder gozar dos mesmos recursos e recibir a mesma atención, independentemente do lugar de residencia. É por iso que a nosa primeira medida consiste en esixir da Xunta da Galiza o cumprimento das súas obrigas como administración competente na atención social no conxunto do País.

**Requían
Merece
Máis!**



Con todo, debemos partir da situación actual caracterizada pola dispersión dos servizos sociais, con actuacións da Xunta, concellos, deputacións, ONG, voluntariado... o que provoca unha peor calidade na prestación cun maior gasto de diñeiro público.

Consideramos que, tal como están deseñados e financiados, non cumpren a súa función de ser o instrumento necesario para loitar contra a pobreza e dar soporte ás persoas que máis o precisan.

Este despropósito é absolutamente intencionado por parte de Administración competente. Por unha banda, para dar lexitimidade á provisión de políticas sociais baseadas na asistencia-caridade social e a mercantilización fronte ao que debería ser ideal: a provisión exclusivamente pública. Por outra banda, permite utilizar os datos do xeito que a cada quen lle conveña para non descubrir unha realidade que deixa ás claras un deficiente financiamento dos Servizos Sociais por parte da Xunta de Galiza.

A actuación do BNG articúlase arredor das seguintes liñas:

1. Emerxencia social e inclusión

- Esixir da Xunta un Plan de emerxencia social para Galiza co obxectivo de paliar a grave situación de pobreza existente. O Plan incluírá medidas efectivas de natureza económica como o cumprimento dos prazos para o cobro da RISGA ou programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia será desafiuzada da súa vivenda. Será deseñado de forma transversal por todos os departamentos do goberno galego en diálogo cos concellos, co persoal profesional dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.
- Desenvolver programas de Intervención Comunitaria en lugares de especial problemática social, en colaboración co movemento asociativo, ONG-sociais, colexios profesionais...
- Atender situacións de pobreza extrema.
- Demandar á Xunta a creación dunha casa de acollida temporal para persoas sen fogar ou, cando menos, habilitar unha planta do albergue de peregrinos para este uso durante o inverno.
- Favorecer a inserción profesional de novos grupos en risco de exclusión (desempregados de longa duración, persoas con discapacidade...).
- Crear un punto de información no departamento de Servizos Sociais para atender as persoas inmigrantes, para lles facilitarlle información sobre trámites, axudas, xestións, etc.
- Pór en marcha programas específicos de atención a persoas refuxiadas e proxectos de cooperación internacional en colaboración con entidades e centros educativos.
- Recuperar programas como “Vacacións en paz”.

**Betanzos
Merece
Máis!**



2. Dependencia

- Esixir da Xunta a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a todas aquelas persoas con grao de discapacidade e dependencia recoñecida, co financiamento e xestión por parte da Xunta de Galiza, como garantía da universalidade do servizo.
- Crear ou ampliar os programas e servizos de información e atención a persoas idosas: Servizo de Axuda no Fogar, Xantar na Casa, tele-asistencia, transporte adaptado,... tanto municipais como conveniados con entidades ou outras administracións. Particularmente, achegar estes servizos á veciñanza máis afastada do centro urbano, creando programas específicos para o medio rural, dando a posibilidade de emprego á veciñanza para traballar con persoas dependentes, no mantemento de vivenda e horta, lavandaría, etc.
- Promover programas de envellecemento activo e achegar a actividade deportiva ás persoas máis vellas e potenciar actividades que faciliten relacións interxeracionais e impulsar actividades nos centros de ensino sobre recollida de memoria viva, a través da historia oral de oficios, celebracións, sucesos políticos ou culturais, protagonizados por persoas maiores.
- Impulsar a creación dun centro de día e residencia públicos comarcais para persoas dependentes no edificio do antigo ambulatorio e mais o Asilo Manuel Naveira, respectivamente, esixindo da Xunta o seu financiamento e xestión pública e a cesión do edificio desocupado ao Estado.

3. Educación

- Esixir da Xunta a ampliación da rede de escolas infantís, que serán de xestión pública e integramente financiadas pola Xunta, para garantir a universalidade da prestación do servizo e o uso da nosa lingua.
- Modificar o regulamento da escola infantil municipal para garantir o acceso de todos os nenos e nenas con necesidades educativas especiais e o cumprimento do Plan de Normalización Lingüística.
- Atender a diversidade funcional, garantindo o acceso de toda a poboación a programas de inserción social e laboral, de lecer e de actividade física ou deportiva. Neste sentido, entre outras medidas:
- Garantir a accesibilidade nos edificios e espazos públicos para as persoas con discapacidade, a comezar polo propio Concello.
- Integrar as crianzas con discapacidade en todas as actividades para a infancia: campamentos urbanos, ludotecas, etc.
- Crear espazos para os nenos e nenas con discapacidade nos parques infantís.

**Brabío
Merece
Máis!**



- Instalar pictogramas nos edificios públicos e nos parques e lugares de referencia do concello para favorecer a integración das persoas con diversidade intelectual.
- Demandar á Xunta de Galicia que converta o aulario do Carregal nun colexio independente, polos problemas de xestión e ratios que implica a situación actual con dous centros separados por centos de metros e unha vía con tránsito saturado
- Anticiparnos á saturación dos colexios cedendo á Xunta terreos para construír novos centros en función do incremento da poboación, noutras zonas do municipio para mitigar o punto conflictivo que se ten creado coa concentración de centros escolares e outras dotacións na zona do Carregal.
- Coordinar coa Xunta e as ANPAs a planificación, deseño e xestión de servizos complementares da educación como transporte escolar, comedores etc.
- Garantir en todos os centros públicos a oferta de actividades extraescolares gratuítas, facilitando o uso das instalacións deportivas e culturais municipais. No caso de actividades que non dependan directamente do Concello, crear unha liña de bolsas municipais para actividades extraescolares en función do nivel de renda.
- Mellorar a política de bolsas de estudo, incluíndo outros estudos regrados (conservatorio etc.) e distribuílas atendendo a criterios de equidade e xustiza social
- Promover programas municipais de educación enfocados ao coñecemento do patrimonio natural, histórico, etnográfico ou artístico de Betanzos e a comarca, co obxectivo de que o alumnado coñeza o propio patrimonio e aprenda a identificalo e a valoralo.
- Facilitar o uso dos equipamentos dos centros públicos fóra do horario lectivo para cumprir un obxectivo social máis amplo: actividades culturais, deportivas, educativas, sociais, aproveitamento das bibliotecas escolares, etc.
- Comarcalizar o Conservatorio Municipal de Música Carlos López García-Picos, como medida para garantir a súa viabilidade e poder solicitarlle á Xunta de Galicia a creación do grao medio no Conservatorio Municipal.
- Implantar un Banco Municipal de libros de texto, mentres a Xunta non recupera a gratuidade universal.

4. Saúde

- Realizar campañas de información e prevención de adicións.
- Demandar á Xunta de Galicia a contratación de persoal para garantir un servizo de pediatría e de especialidades de calidade no centro de saúde, que é garantía de desconxestionamento do CHUAC.

**As Viñas
Merece
Máis!**



- Demandar á Xunta de Galicia a fin do copagamento para os medicamentos dos doentes crónicos, para garantir o dereito de toda a cidadanía á asistencia sanitaria.
- Promover programas para garantir o acceso universal ao servizo de saúde público, especialmente entre os colectivos máis desfavorecidos (inmigrantes, persoas en risco de exclusión social etc.).

5. Actividade física

A promoción da práctica deportiva contribúe para fomentar hábitos de vida saudábeis entre a poboación, constitúe unha alternativa no tempo de ocio que facilita o contacto entre veciñas e veciños, o coñecemento das realidades máis próximas e fomenta valores de esforzo, respecto e amizade. Os concellos do BNG apoiarán a extensión da práctica deportiva popular, con inclusión da perspectiva de xénero e priorizando a democratización e fomento do deporte para todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo totalmente as portas das infraestruturas deportivas e fomentando por igual todas as modalidades deportivas.

Nese sentido, desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:

- Realizar un censo das instalacións deportivas públicas, municipais e comarcais, para optimizar o seu uso, promovendo a utilización das instalacións a nivel mancomunado entre diferentes concellos.
- Fomentar tamén a formación deportiva de xeito mancomunado, asegurando a presenza de persoas monitoras/formadoras con titulación adecuada en todas as actividades deportivas que teñan apoio de fondos públicos.
- Habilitar para a práctica deportiva espazos naturais, rurais e urbanos, respectuosos co ambiente.
- Procurar o uso social e masivo das instalacións deportivas.
- Dar impulso ás actividades deportivas populares e masivas ao ar libre, a través da elaboración de proxectos deportivos para toda a poboación e da utilización das rúas, espazos públicos e medio natural como lugares onde a práctica do deporte poida ser un feito cotián a través de rotas deportivas urbanas.
- Remunicipalizar as piscinas e o complexo deportivo do Carregal.
- Editar unha publicación que recolla e divulgue o facer das asociacións, clubs e colectivos deportivos.
- Realizar un labor de promoción do deporte escolar mediante escolas deportivas municipais partilladas polos propios centros, as ANPAs e asociacións deportivas e os clubs, aproveitando as actividades extraescolares municipais.

**Tiobre
Merece
Máis!**



- Apoiar o desenvolvemento do deporte, fomentando a diversificación das disciplinas e axudando polas escolas deportivas municipais.
- Promover as actividades físico-deportivas recreativas para as persoas adultas e a 3ª idade dentro dun programa-marco de saúde municipal.
- Posibilitar a práctica de actividades físico-deportivas adaptadas aos colectivos con necesidades especiais.
- Organizar eventos deportivos con carácter lúdico e competitivo que supoñan un estímulo para a veciñanza en xeral.
- Fomentar programas deportivos no medio natural, que permitirán xerar unha vía de ingresos para os clubs da cidade e un apoio á oferta turística mediante rotas en piragua, cabalo, sendeirismo, acampadas, cicloturismo... Estes programas, asemade, permitirían tamén xerar emprego neste novo sector.
- Promover iniciativas como a posta en marcha de actividades culturais relacionadas co ámbito deportivo: exposicións, ciclos de cinema, palestras, xornadas técnicas e divulgativas, etc.
- Impulsar a práctica e a difusión dos deportes tradicionais, recuperando espazos para a súa práctica e dándoos a coñecer nos eventos deportivos e nas escolas deportivas municipais.
- Crear unha pista para monopatíns cuberta.
- Crear un “Parque da bicicleta” nos terreos que posúe o concello en Tiobre, que contará cun circuío de BTT, un velódromo e unha zona de lavado de bicicletas. Este “Parque da bicicleta” estará comunicado coa vila por un carril bici e terá parada do Brigobús (autocar que comunicará as parroquias) e será un punto de saída e chegadas de diferentes rutas tanto a pé como en bicicleta.

6.Lecer

- Desenvolver programas de lecer alternativo e saudábel para a mocidade.
- Devolver o protagonismo nas festas tradicionais e aos veciños e veciñas.
- Impulsar a Feira Franca Medieval e facela respectuosa coa historia a recrear, de forma que realmente sirva para poñer en valor o papel que Betanzos xogou na Galiza da Idade Media.
- Recuperar o Entroido dándolle pulo ao seu carácter tradicional e de rúa.

**Pontellas
Merece
Máis!**



- Impulsar as festas tradicionais dos barrios e parroquias de Betanzos. Recuperar festas tradicionais que desapareceron como os Maios en colaboración cos colexios e asociacións.
- Diseñar as festas patronais cunha maior oferta de eventos culturais, distribuídas polos distintos barrios e reducindo o número de días a unha semana grande mais os Caneiros do 25, uníndoos cunha programación cultural diversa, diversificada e de rúa
- No caso concreto da Romaría dos Caneiros, consonte a canto se veu dicindo á hora de falarmos do patrimonio material e inmaterial, o BNG defende:
 - Abandonar a percepción da festa dos Caneiros como un problema social. Abordar desde o punto de vista da concienciación e non da criminalización da mocidade a situación na que se encontra a festa tradicional.
 - Traballar no plano da igualdade de xénero e da loita contra o consumo de drogas en escolas e outros colectivos.
 - Fomentar publicamente unha imaxe positiva da festa en lugar de fomentar a imaxe deturpada, coa conseguinte criminalización da mocidade.
 - Introducir reforzos positivos e deseñar unha unidade didáctica para o ensino, de forma que se coñeza a verdadeira festa e os valores culturais e ambientais do entorno. No BNG somos máis partidarios da concienciación e do control previo que da prohibición.
 - Sacar a poxa a lancha municipal para contribuír aos gastos da festa dos Caneiros e destinala o resto do ano a programas de concienciación ambiental.

**Piadela
Merece
Máis!**



**Betanzos
Merece
Máis!**

3 UNHA ADMINISTRACIÓN AO SERVIZO DA VECIÑANZA





Desde o BNG defendemos fórmulas para profundar na democracia directa e na participación social. Pasamos da cultura da delegación e da representación a outra baseada na responsabilidade propia e na participación cotiá da veciñanza.

Aplicaremos a intolerancia absoluta coa corrupción e confiamos na participación cidadá como garantía de transparencia. Apostamos polos órganos colexiados e as decisións colectivas fronte ao reforzamento dos órganos unipersoais e o autoritarismo.

No BNG mantemos unha posición clara, contundente e igual para todas as organización políticas e para todos os concellos en relación coa corrupción. Unha parte relevante da solución a esta cuestión ten a ver coa defensa da participación e dos servizos públicos e a aposta por un modelo económico ao servizo da xente, xa que as privatizacións son unha fonte constante de prácticas corruptas e malgasto de cartos públicos.

Defendemos unha mudanza no modelo de contratación a partir dunha modificación da Lei de contratos do sector público, que suprima os contratos negociados sen publicidade, ao tempo que axiliza os procedementos e incorpora a valoración, de forma significativa, de elementos como o domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego. É preciso aumentar o control sobre os contratos menores, facer partícipes aos grupos da oposición nas mesas de contratación e dar publicidade no perfil do contratante a todos os contratos adxudicados.

No BNG mantemos o noso compromiso co Pacto Antitransfuguismo como garantía de vinculación dos cargos públicos co seu electorado e de erradicación da corrupción na política local, evitando que os representantes públicos locais se erixan como moeda de cambio ante intereses privados, e como compromiso de exercicio da política con dignidade e lealdade á cidadanía no seu conxunto e ao interese xeral.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Os concellos teñen un largo abano de posibilidades de actuación práctica no impulso ao uso social da lingua en ámbitos diversos que permiten avances palpábeis e moita visibilidade e que de ningún modo podemos desaproveitar.

No actual contexto socio-lingüístico, de perda de falantes, de ataques planificados desde o poder para frear as súas posibilidades de recuperación, des estancamento cando non retroceso en ámbitos decisivos, de non respecto aos dereitos das persoas falantes etc. o papel en prol da normalización que cómpre desenvolver desde os concellos tórnase crucial.

A normalización lingüística é un proceso social que procura a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos

**Requían
Merece
Máis!**



pode dar a nosa lingua nacional. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos deste xeito a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo, para que poidamos manter esas visións e chamarlles ás cousas cos nomes xenuínos que aquí se lles deron.

Por este motivo, propoñemos:

- Poñer en valor a lingua propia e fomentar o seu uso e prestixio en todas as accións do concello e en todos os ámbitos e sectores do municipio.
- Potenciar o Servizo de Normalización Lingüística, dotado de recursos humanos e partida orzamentaria suficiente, e que planificará, xestionará e executará as accións e medidas axeitadas para o fomento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais.
- Incluír a transversalidade dos criterios dunha política lingüística normalizadora en todas as áreas, ámbitos e sectores.
- Implantar órganos de participación (Consello Social da Lingua) en que deben implicarse os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización.
- Intensificar a colaboración con entidades sociais (ANPAS, centros de ensino, asociacións veciñais, sectoriais, etc.) para multiplicar as accións de fomento do uso da lingua galega.
- Apoiar o tecido empresarial propio que emprega a lingua galega.
- Garantir, de forma inmediata, as seguintes actuacións:
 - Garantías do uso do galego en toda a documentación municipal.
 - Atención en galego á veciñanza.
 - Rotulación en galego (incentivar o emprego do galego no nome dos negocios, na súa publicidade e material escrito, con rebaixas fiscais ou calquera outra medida económica e/ou de recoñecemento).
 - Desenvolvemento de campañas de normalización e programas de galeguización de actividades sociais.

TRANSPARENCIA

Se a participación da veciñanza nos asuntos públicos é un obxectivo fundamental, a transparencia das institucións é a súa antesala. Non se pode emitir unha opinión fundamentada en algo que se descoñece.

**Betanzos
Merece
Máis!**



Sobre o papel, o Concello de Betanzos ten un web de transparencia e unha ordenanza de transparencia a sumar á lexislación sobre este asunto que, en teoría, habían garantir o dereito da veciñanza a coñecer contratos, retribucións, condicións para subvencionar ou convenios subscritos polo seu Concello. Mais están baleiros apartados enteiros dese web, cando non con información desactualizada ou directamente incumprida esta obriga. A peor, o web municipal está inzado de novas de contido propagandístico que tan só dan unha visión parcial- a que interesa ao goberno local do PSOE- sobre proxectos de obra, orzamentos ou outras actuacións.

A transparencia é unha materia pendente na Administración municipal de Betanzos, tanto porque non se ofrecen os datos exixidos pola lexislación no web, como pola tradicional obstrución ao acceso á información a pedimento de particulares afectados, colectivos ou grupos políticos da Corporación municipal.

Para o BNG a participación da cidadanía na política municipal non é un lema, comprometémonos a garantir o paso dunha democracia representativa a unha democracia participativa, para que así os veciños e veciñas poidan decidir sobre o que se fai en Betanzos. Por este motivo, comprometémonos a:

- Manter un concello aberto, en que os seus cargos públicos sexan accesíbeis a todas as veciñas e veciños.
- Incorporar ao web municipal os datos completos sobre a situación económico-financeira do Concello (orzamentos, recoñecementos extraxudiciais de crédito, liquidación, etc.), información sobre convenios urbanísticos e contratos menores e negociados sen publicidade.
- Activar tamén no web do Concello información sobre a Corporación municipal (organización, retribucións tanto da Corporación como do persoal eventual, correos electrónicos, convocatorias de reunións) e facer público o inventario de bens móbeis e inmóbeis de que é propietario o Concello.
- Incluír na fase de orzamentos participativos tamén a avaliación posterior da eficacia dos investimentos e proxectos executados, de forma que as veciñas e veciños poidan valorar a consecución dos obxectivos e finalidades inicialmente ideadas.
- Promover a máxima transparencia en toda a actividade municipal, empregando as tecnoloxías da comunicación para dar conta especialmente dos acordos e decisións adoptadas.
- Trasladar publicamente os proxectos de obras públicas á veciñanza afectada antes de aprobalos, de xeito que teñan coñecemento efectivo das súas características e do seu cronograma de execución, garantindo dese xeito a participación veciñal para minimizar as molestias derivadas da realización das obras e optimizar o resultado final e recabando cantas melloras se acheguen.

**Brabío
Merece
Máis!**



PARTICIPACIÓN

Sobre o papel, que aguanta de todo, Betanzos ten uns orzamentos participativos e uns consellos sectoriais de participación. Mais os primeiros son realmente unha poxa para destinar unha parte mínima do remanente de crédito dos orzamentos e os consellos sectoriais, secuestrados polo PSOE, non se reuniron unha soa vez nos últimos seis anos.

Nós acreditamos que os concellos son os espazos propicios para profundar na democracia directa, na participación social e na democratización na toma de decisións. En consecuencia, o BNG asume o compromiso de implementar e alargar onde xa existen, mecanismos de participación tanto no nivel sectorial como territorial.

A chegada do nacionalismo ao goberno de Betanzos continuará a servir ao criterio de ampliar as estruturas de participación cidadá, apoiar o tecido asociativo existente, procurar canles de decisión veciñais e fomentar a autoorganización.

Neste sentido, o BNG comprométese a:

- Impulsar a participación de todos os colectivos e entidades representativas en todos os procesos de toma de decisión do seu ámbito sectorial.
- Implantar modelos de participación da sociedade na elaboración do Plan Xeral e dos demais instrumentos de planeamento. Poñer en marcha un proceso participativo con talleres e enquisas. Buscar a opinión das persoas que non son normalmente escoitadas ao falar destes temas.
- Realizar xuntanzas abertas periodicamente en todos os barrios e parroquias.
- Facilitar a intervención directa nas sesións plenarias e comisións sectoriais, co reforzo do regulamento de participación veciñal cos medios necesarios e dálo a coñecer á veciñanza.
- Apoiar o tecido asociativo e os proxectos e iniciativas de interese social que desenvolva, así como dotar de poder de decisión e permitir o funcionamento os Consellos Sectoriais (mocidade, maiores, cultura, deportes...), sobre todo en temas importantes como os orzamentos ou regulamentos que afecten directamente a cada colectivo.
- Impulsar a participación social na elaboración de plans e programas municipais e, particularmente, na elaboración dos orzamentos anuais por medio do mecanismo de orzamentos participativos.
- Promover a autoxestión e a democracia directa para favorecer que os barrios e as parroquias poidan tomar a iniciativa sobre os temas que lles afectan. Promover as asembleas veciñais, en parroquias e barrios, e os consellos de participación cidadá.
- Celebrar consultas populares nos temas máis importantes para o futuro do Concello.

**As Viñas
Merece
Máis!**



DEMOCRATIZAR OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN MUNICIPAIS

Primeiro o xornal trimestral “O Concello Betanceiro”, logo a emisora municipal e máis tarde o web municipal e mais as contas nas distintas redes sociais, os medios de comunicación municipais non estiveron nunca ao servizo da veciñanza. A súa finalidade nunca foi ofrecer información veraz, senón facer propaganda da persoa que ocupa a alcaldía e da acción de goberno do PSOE, mesmo manipulando a información ocultando canto non conviña e omitindo información prexudicial para os intereses electorais do PSOE.

Unha cultura realmente democrática exige medios de comunicación públicos imparciais, con información precisa a quen en última instancia é o propietario deses medios de comunicación municipais: a veciñanza. Calquera outra cousa, ademais de manipulación informativa, é unha deslealdade coas veciñas e contribuíntes.

Por este motivo, o noso compromiso é:

- Regular os usos do web municipal e mais das redes sociais institucionais para que pasen da propaganda á información, ofrecendo unha comunicación independente do goberno e plural, com posibilidade de inserir noticias de outros grupos políticos de entidades sociais...
- Democratizar os medios de comunicación públicos, garantindo a súa pluralidade e independencia. Crear un consello con participación de entidades sociais e a Corporación para converter a emisora municipal nunha radio comunitaria.

UNHA ADMINISTRACIÓN AO SERVIZO DA VECIÑANZA

A estrutura administrativa do Concello de Betanzos responde, tanto no deseño de espazos como no organigrama e postos de traballo, á política clientelar desenvolvida polo PSOE ao longo do seu dilatado mandato. O resultado disto son áreas cun exceso de persoal e outras con dificultades, espazos de traballo que incumpren a normativa laboral, inexistencia dunha verdadeira política de persoal...

Esta situación repercute negativamente no rendemento da propia administración local, xera prexuízos aos propios traballadores e traballadoras e implica un esforzo adicional para as veciñas na súa relación co Concello.

A acción de goberno do BNG neste sentido buscará axilizar o funcionamento da propia administración local, dimensionar e racionalizar a súa estrutura para dar servizo á veciñanza e distribuír os seus espazos de maneira que renda do mellor xeito posíbel e mais contribúa a crear sinerxías con outros actores e co entorno- nomeadamente, ser un elemento fulcral no obxectivo estratéxico de rehabilitar, revitalizar e rehabitado o Casco Histórico da cidade.

**Tiobre
Merece
Máis!**



A Administración local ten que ser unha ferramenta que facilite a vida ás betanceiras e unha aliada para crear sinerxías con todos os actores implicados na vida da cidade. A caótica distribución de espazos, a recorrente solicitude de documentación que xa ten o Concello ou outra Administración, a falta de información sobre trámites ou servizos complica innecesariamente até os trámites máis básicos.

Neste sentido, comprometémonos a:

- Crear unha nova páxina web institucional que facilite o acceso a información e os servizos para a veciñanza e as persoas que nos visitan.
- Crear cartas de servizos e guías de procedementos para facilitar os trámites da veciñanza.
- Integrar de xeito progresivo as bases de datos municipais, así como o acceso ás bases doutras administracións, co fin de evitar a continua presentación de documentación por parte dos interesados.
- Implantar de maneira progresiva o software libre e estándares abertos nos sistemas informáticos municipais, como unha importantísima medida de aforro para o Concello.
- Redistribución dos edificios administrativos municipais, optimizando espazos e facilitando servizos á veciñanza:
 - Ampliación da Casa Consistorial co edificio contiguo da R/Santiago e traslado das oficinas xerais e rexistro.
 - Traslado das oficinas da Policía Local fóra do Casco Histórico e relocalización no Cárcere do Partido das dependencias económicas do Concello.
 - Traslado ao Edificio Arquivo do Arquivo municipal e mais da biblioteca municipal Castelao, a biblioteca infantil e a actual aula de estudo.
- Simplificar os sistemas de traballo e os seus procedementos para os facer áxiles e adecuados á demanda que deben satisfacer.
- Incluír cláusulas sociais na contratación administrativa de determinados servizos ou obras, dando preferencia a cooperativas e empresas sociais tendo en conta criterios de igualdade de xénero e de acceso ao emprego dos colectivos máis desfavorecidos.
- Establecer bases reguladoras con criterios obxectivos e regrados para todas as convocatorias de axudas e subvencións que aseguren unha concorrencia igualitaria, que erradique toda discrecionalidade na asignación de fondos públicos a clubs deportivos, asociacións culturais, organizacións asistenciais ou entidades veciñais.

Pontellas
**Merece
Máis!**



PLURALISMO

A sociedade actual é plural, diversa. Esa diversidade ten que se respectar desde os poderes públicos, pois enriquece á comunidade. Neste sentido, a acción de goberno do BNG pulará por:

- Rematar co financiamento directo e indirecto da igrexa católica.
- Reclamarlle á igrexa católica o pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis non recollidos no Concordato (pisos, prazas de garaxe, baixos e fincas rústicas).
- Separar completamente a igrexa católica da administración pública.
- Fomentar o coñecemento e o respecto ás diferentes crenzas relixiosas nas actividades culturais e de lecer do Concello.

XESTIÓN DE PERSOAL

A política de persoal executada polo PSOE ao longo destes 40 anos responde á mesma lóxica clientelar que a desenvolvida noutras áreas, levada adiante sen diálogo. Isto tradúcese en persoal desmotivado por non ter incentivos como unha carreira administrativa, ou simplemente non ver solucionadas situacións persoais inxustas (a nivel retributivo, de dereitos de conciliación, por riscos psicosociais ou mesmo situacións de acoso). Isto trasládase á calidade do servizo que se empresta á veciñanza.

Por este motivo, o BNG comprométese a:

- Implementar unha política de persoal dialogada cos órganos representativos do persoal, que remate coas inxustizas e a situación de continua interinidade do persoal laboral.
- Rematar coas discriminacións de xénero, salariais e en concesión de medidas de conciliación nas traballadoras do Concello.
- Cubrir as baixas e vacantes nos diferentes servizos mediante unha oferta de emprego público axustada ás necesidades.
- Cumprir estritamente os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público municipal.
- Levar adiante unha avaliación de riscos psicosociais no cadro de persoal do Concello.
- Planificar a medio prazo as necesidades de recursos humanos da estrutura municipal, redimensionando estratexicamente os distintos servizos.
- Negociar un sistema de carreira administrativa e un calendario de formación continua.

**Piadela
Merece
Máis!**



AS NOVAS TIC AO SERVIZO DA XENTE

Son moitas as ferramentas das que nos dotan as novas tecnoloxías para acadar unha comunicación máis eficaz e eficiente entre os concellos e a veciñanza. As páxinas web institucionais, as redes sociais e todas as novas ferramentas que van aparecendo son elementos poderosos para espallar os noso recursos, a nosa cultura, lingua e as posibilidades turísticas dos nosos concellos á vez que proporcionan información precisa do labor de goberno e actividades o que contribúe á transparencia e a participación.

Mais tamén hai outras moitas caras: os trámites e a propia xestión administrativa que non se entende sen as computadoras, a relación coa administración na realización de todo tipo de tramites desde o propio domicilio mediante a sede electrónica e os portais de transparencia.

As dificultades veñen da inexistencia dunha axeitada cobertura que permita esa comunicación e por outra banda dos poucos recursos de que dispoñen moitos dos concellos galegos.

Ademais, para un enfoque serio é necesario ter en conta a fenda dixital das persoas que non teñen os recursos precisos para o acceso ás novas tecnoloxías. Esta cuestión fíxose evidente na pandemia e continúa sendo un obstáculo para a demanda cada vez máis urxente de informatizar as relacións coas Administracións.

Desde outro punto de vista é necesario garantir un compromiso dos concellos coa implantación de libre e de código aberto nas administracións xa que supón beneficios tales como un aforro importante de medios económicos e a independencia de solucións foráneas que atan a unha solución e mesmo ao seu formato de datos, obrigando a continuadas contratacións das distintas actualizacións.

Por outra parte, o código aberto facilita enormemente a adaptación á nosa lingua, factor esencial para os concellos nacionalistas.

Neste sentido o BNG adoptará as seguintes medidas:

- Traballar para establecer canles de mediación coas operadoras de enerxía, telefonía e outras, que superen a actual de imposición das súas condicións na xestión das instalacións e prestación de servizos, á vez de redactar unha nova normativa que obligue estas operadoras a estableceren canles de comunicación directa coa administración galega e local.
- Reclamar que os concellos teñan unha participación na taxa de uso do dominio público radioeléctrico previsto na Lei de Comunicacions.
- Garantir o acceso e tramitación electrónica na Administración ás galegas e galegos, implementando ademais plataformas de acceso de doada utilización e comprensión.
- Garantir que todos os concellos e Xunta dispoñan de medios para o correcto funcionamento da administración electrónica que comunique todas as galegas e galegos e o resto das administracións, facilitando e facendo posíbel a realización telemática de todos os procedementos administrativos.

**Requián
Merece
Máis!**



- Propiciar que a veciñanza conte coas capacidades para se poder relacionar coa Administración Electrónica, especialmente as persoas máis vulnerábeis.

UN CONCELLO BEN XESTIONADO

O sistema fiscal local é pouco equitativo, ríxido, insuficiente, e as máis das veces, regresivo. A súa reforma pasa pola adecuación das bases á actividade económica actual e por procurar un financiamento máis independente para todos os Concellos.

Neste sentido, o BNG considera necesario actuar en dous niveis diferentes: modificar o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE), propiciando a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza e adaptar así a participación ás características do territorio e da organización local galegas e promover a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais, que constitúa o marco de referencia do financiamento municipal, que promova a autonomía financeira municipal tanto no que fai referencia á ordenación e xestión dos tributos.

Entre tanto, defendemos a utilización de criterios de reparto alternativos aos establecidos actualmente para as transferencias do Estado, mediante a incorporación, xunto co de poboación, doutros criterios adecuados á realidade dos Concellos galegos tales como a extensión territorial, densidade de poboación, dispersión poboacional etc.

Para o BNG é fulcral traballarmos nunha política tributaria municipal que estea ao servizo da veciñanza e para iso o Concello debe utilizar todos os instrumentos fiscais de que dispón para complementar o seu financiamento.

É por iso que propomos:

- Traballar na loita contra a fraude fiscal, que constitúe una vía importante para aumentar o nivel de recursos dispoñíbeis e obter unha mellor distribución social da carga fiscal efectiva.
- Propiciar unha integración paulatina dos servizos de recadación das deputacións coa Axencia Tributaria Galega, para mellorar a capacidade fiscal e a información tributaria dos concellos.
- Xestionar intensa e eficazmente a captación de recursos diante de outras administracións, incluídos os fondos de programas europeos, para abordar proxectos de infraestruturas das diferentes áreas de funcionamento do Concello.

UNHA FISCALIDADE XUSTA PARA A MAIORÍA SOCIAL

O BNG tamén defende no eido municipal a xustiza e a equidade fiscal. As medidas fiscais e de prezos públicos tamén deben ter en conta a necesidade e a capacidade económica da maioría social da poboación.

**Betanzos
Merece
Máis!**



É por iso que propomos as seguintes actuacións:

- Aplicación de criterios de xustiza social no ámbito da fiscalidade municipal para aquelas situacións económico-sociais das persoas contribuíntes, especialmente do colectivo das persoas desempregadas, e outros colectivos en situación vulnerábel e das persoas físicas titulares de actividades dedicadas ao pequeno comercio que atravesan dificultades para os efectos de reducir a súa carga tributaria mediante a modificación das ordenanzas fiscais correspondentes, incluíndo aquí tamén as taxas e prezos públicos.
- Bonificación ás persoas obrigadas ao pago de prezos públicos pola prestación de servizos municipais cando acrediten estar en situación legal de desemprego ou en situación de vulnerabilidade legalmente acreditada.
- Aplicación dun sistema de axudas e bonificacións que permitan o aboamento do imposto de bens inmóbeis aos colectivos máis castigados pola crise.
- Plan de pago personalizado de impostos municipais (ou plan tributario personalizado). Esta medida ten impacto positivo, tanto sobre a Facenda Municipal, que conta con maior liquidez sen recorrer a vía do financiamento externo a curto prazo, como sobre o propio suxeito obrigado ao pago, ao ver reducida a contía final que ten que ingresar en concepto de débeda tributaria.

RENDABILIDADE E UTILIDADE SOCIAL NO INVESTIMENTO PÚBLICO

Co obxectivo de racionalizar e optimizar os recursos económicos e os investimentos, buscando sempre a máis elevada rendibilización social, defendemos:

- Implantar progresivamente o enfoque plurianual e estratéxico nos investimentos locais. Elaboraremos un Plano Económico para o mandato da corporación municipal no que queden establecidas as prioridades en materia de investimentos. Neste plano figurarán as obras a executar no medio prazo, coas partidas que previsibelmente son necesarias para a súa execución, e darase tamén prioridade a investimentos que procuren melloras ambientais (eficiencia enerxética, ciclo da auga, recuperación ambiental, sendas peonís...) e sociais (equipamentos sociais e culturais que promovan a cohesión social).
- Reclamar da Xunta de Galiza a integración no Fondo de Cooperación Local, como fondos incondicionados de cada concello, as axudas e subvencións anuais que o goberno galego destina a entidades locais, para maior respecto á autonomía financeira e a suficiencia local.
- Reclamar da Xunta de Galiza a creación dun Fondo Anual de Infraestruturas formado por aquelas transferencias de capital que a Xunta destina aos Concellos, e que nestes momentos

**Brabío
Merece
Máis!**



se xestionan a través de convenios e subvencións de carácter discrecional e arbitrario, activando un instrumento de transparencia que permita a visualización anual e na serie histórica das transferencias da Xunta ás entidades locais, e establecendo medidas de reparto equilibrado das dotacións anuais recibidas por cada unha delas.

- Esixir da Xunta de Galiza un Plan de Financiamento extraordinario co que facer fronte ao forte incremento de gastos enerxéticos que que asume o Concello no exercicio das súas competencia e noutras que lle son impropias, coma o mantemento do CEIP Vales Villamarín e os seus servizos complementares de comedor e mañanceir@s, entre outros.

**As Viñas
Merece
Máis!**



**Betanzos
Merece
Máis!**

4 SECTORES PRODUCTIVOS





Unha das premisas para poder garantir benestar e calidade de vida é poder contar cun traballo digno. No entanto, unha das peores consecuencias da crise e das políticas que se nos veñen impondo é a destrución de emprego ou os atrancos e dificultades para podermos desenvolver as nosas potencialidades económicas, xerando aínda maior empobrecemento, precarización e emigración. Por iso, a pesar das limitacións derivadas do ríxido marco competencial, a nosa prioridade absoluta será a de abordar estratexias dirixidas a recuperar o dinamismo económico e a creación de emprego.

O BNG esforzarase para axudar na creación das condicións para impulsar e dinamizar a economía local, a posta en valor de recursos endóxeos para atinxir un modelo de crecemento económico sustentábel, ademais de apoiar e investir no coñecemento, a investigación e a innovación para pular por un modelo económico que sexa capaz de atinxir maiores niveis de emprego.

As claves fundamentais na necesaria transformación do noso tecido económico e social serán a capacidade de xerar coñecemento e a capacidade de innovar das empresas e da sociedade, de converter o coñecemento xerado nos concellos en Galiza en valor económico e social.

O BNG desde os concellos impulsará medidas para favorecer a reindustrialización do país, como o impulso á xestión de solo empresarial e incentivos fiscais.

O COMERCIO, UN SECTOR ESTRATÉXICO PARA BETANZOS

A enorme incerteza actual e os cambios para garantir a pervivencia do capitalismo máis salvaxe condicionan a situación nas vilas e cidades galegas. Un sistema que muta baixo a falsa de promesa de conseguir en tempo real calquera demanda do consumo, en calquera lugar, a calquera hora, ao tempo que empobrece as clases traballadoras e tamén, por suposto, as pequenas e medianas empresas e as persoas autónomas, tan importantes na economía galega.

Se ben é certo que desde os concellos son moi limitadas as competencias, senón inexistentes, é imprescindible ter en conta esta realidade cambiante, xa que vai ter grande impacto nas políticas de dinamización municipal.

O capitalismo está cambiando a fisionomía das nosas cidades e vilas, polo que é necesario demandar dos gobernos competentes un marco para a reflexión e a toma de medidas que protexan o sector.

O comercio é un sector básico, tanto polas súas magnitudes como pola súa importancia social, ademais de ser un elemento de cohesión social. O seu peso como xerador de emprego e dinamización da economía en Betanzos está fóra de toda dúbida, ao punto de resultar un sector estratéxico para a cidade.

**Tiobre
Merece
Máis!**



Neste sentido, o BNG loitará por manter, apoiar e dinamizar o comercio local de proximidade, fundamental para a organización urbanística de Betanzos, non só no desenvolvemento urbanístico senón tamén no da loita contra unha das pandemias do século XXI, a soidade, porque favorece as relacións sociais e configura un espazo máis seguro e convivencial.

Por tanto, a acción de goberno do BNG tenderá a:

- Actualizar e executar completamente o proxecto do Centro Comercial Aberto de Betanzos.
- En consecuencia, no planeamento urbanístico, limitar o establecemento de grandes áreas comerciais no noso Concello.
- Creación dun banco de locais comerciais, inspirado no Banco de Terras de Galiza, para que intermedie entre as persoas propietarias e arrendatarias, funcionando de garante
- Estudar a creación dunha cooperativa de crédito local ou comarcal, para apoiar a economía local, a fin de conceder liñas de crédito a xuros moi baixos ou sen xuros e permitirían fortalecer a economía local en beneficio de toda a veciñanza. Esta 'banca' tería uns principios éticos claramente definidos.
- Reducir a fiscalidade aos comercios de proximidade e pequenas tendas e, inversamente, incrementarlle ás grandes superficies comerciais.
- Crear sementeiras de empresas nos terreos municipais do polígono de Piadela, mediante a oferta municipal de locais adecuados, de baixa renda, por un tempo determinado, até que se consolide a iniciativa ou amose a súa inviabilidade.
- Impulsar o dimensionamento das empresas ligadas á divulgación da lingua e cultura nacionais, reservando dentro dos orzamentos de cultura e festas unha parte importante para eventos producidos por empresas de servizos culturais galegas co obxectivo de afianzar esta industria cultural.
- Recuperar a artesanía, potenciada a través das escolas-obradoiro e casas de oficio, priorizando a súa presenza e participación na Feira Franca Medieval, expoñéndoa en espazos públicos e creando un premio específico.
- Potenciar as feiras tradicionais, como elementos dinamizadores da vida económica, e trasladar unha parte das mesmas ás prazas do Casco Histórico para contribuír á súa dinamización económica.
- Traballaremos cos sectores de comercio de proximidade na modernización das técnicas e medios de comercialización, así como na redución dos custos que soporta o pequeno comercio e no asesoramento ao acceso a as fontes de financiamento, formación dixital e modelos innovadores de negocio e da xestión avanzada.

**Pontellas
Merece
Máis!**



- Apostaremos por dinamizar o comercio de proximidade con desenvolvemento de iniciativas de incentivación do consumo no pequeno comercio, fortalecendo o tecido comercial e empresarial propio, apoiando o comercio local e de proximidade fronte ás grandes superficies comerciais e incentivando a compra de produtos locais e galegos.

POR EN VALOR O FERRADO MÁIS PEQUENO DO PAÍS

Un desequilibrio territorial derivado de profundos problemas estruturais que as políticas deseñadas pola Unión europea agravaron, ao dismantelar sectores estratéxicos da nosa economía, provocou a desertización de grandes zonas do noso país e un avellentamento poboacional que temos que revertir.

O BNG defende a racionalidade no proceso de ordenación do territorio do País, unha racionalidade que permita establecer un modelo territorial sustentábel que garanta o equilibrio territorial, o desenvolvemento urbanístico racional e a protección do ambiente e da paisaxe. O nacionalismo galego, sempre comprometido co territorio, continuará a loitar contra as agresións ao noso medio natural, ao sistema litoral, á rede hidrográfica, ás zonas adecuadas para o cultivo, ás zonas de montaña, ás fragas e especies autóctonas e, en xeral, aos sistemas produtivos propios. A profundísima fenda territorial, con graves consecuencias a curto e medio prazo se non somos quen de frear o seu avance, foi agudizada por un deseño de infraestruturas que non ten en conta a mobilidade interna, con graves carencias nos servizos de transporte colectivo de proximidade ou de conexión entre as vilas e cidades galegas.

Neste contexto, é fundamental romper coas políticas de recortes e manter os servizos básicos para a poboación que vive nas zonas rurais e deseñar saídas laborais adaptadas á realidade socioeconómica e ao desenvolvemento local.

Que Betanzos teña o ferrado máis pequeno de toda Galiza dá idea do inmenso potencial que encerra a terra agraria no noso municipio e da climatoloxía favorábel para practicamente todo tipo de cultivos. Somos parte dunha comarca que ten desenvolvido, seleccionadas polo clima e as mans labregas, máis dunha ducia de variedades autóctonas de horta, e que supoñen hoxe, dado que o mercado busca constantemente novos sabores diferentes e xenuíños, un potencial inmenso para xerar emprego nos sectores produtivos.

Neste sentido, serán liñas de actuación do BNG:

- A potenciación das actividades agrícolas tradicionais, ou doutras que puideren ser incorporadas de maneira natural e respectuosa, facilitando tamén ás saídas da produción, quer na comercialización quer na transformación.

**Piadela
Merece
Máis!**



- Posta en marcha de formación específica no Centro de Formación Ocupacional municipal, en colaboración coa Oficina Agraria Comarcal, os centros de referencia do sector e as organizacións agrarias, tanto para profesionais como para persoas que exerzan como labregas afeccionadas
- Facilitar a implantación de industrias de primeira transformación da produción agraria local:
 - Simplificar os trámites meramente administrativos (sen relación coa protección patrimonial ou ambiental) no establecemento destas empresas.
 - Conceder bonificacións fiscais até a súa consolidación.
 - Implantar viveiros de empresas e fomentar as sinerxías.
 - Desenvolver un centro de transformación agropecuaria para que as persoas que producen poidan transformar e dar valor engadido ás súas colleitas.
- Promover o consumo de produtos locais e de proximidade:
 - Traballar na creación e/ou consolidación de grupos de consumo local para articular a relación entre persoas produtoras e consumidoras.
 - Crear unha marca ou etiqueta que identifique a produción local “Feito en Betanzos”, que axude á veciñanza a apoiar os produtos locais e proxecte unha imaxe de calidade e produción sustentábel.
 - Crear un web específico para os produtos acollidos á marca “Feito en Betanzos” con plataforma de venda online.
 - Fomentar a adquisición de produtos locais nos servizos municipais (escolas infantís, comedores escolares etc.).
 - Potenciar os mercados de produtos frescos e pór en marcha mercados máis monográficos centrados en produtos de tempada.
- Promover como alternativa a soberanía alimentaria e a agricultura ecolóxica:
 - Promover a creación de cooperativas nos barrios e parroquias orientadas a satisfacer as necesidades básicas da propia veciñanza.
 - Reconverter os edificios infrutilizados (locais sociais infrutilizados e outros) para este tipo de proxectos económicos.
 - Fomentar a creación de pequenas explotacións ecolóxicas urbanas xestionadas por colectivos sociais, destinadas ao autoabastecemento. Promover o uso compartido de maquinarias para uso agrícola, como tractores.

**Requían
Merece
Máis!**



- Fomentar a agricultura ecolóxica mediante campañas, cursos, incentivos, cesión de terreos e subvención de sementes tradicionais para garantir a súa conservación, aproveitando espazo nas zonas verdes da Cañota e o Frade para un programa de hortas comunitarias de maneira que tamén se garanta a conservación da paisaxe agraria nestas veigas.
- Impulsar a Indicación Xeográfica Protexida Viño da Terra de Betanzos garantindo o redimensionamento do sector:
 - ◦ No planeamento urbanístico, garantir para o cultivo todas as ladeiras arredor da cidade onde tradicionalmente se plantou viño coa súa cualificación como solo rústico de especial protección agraria e paisaxística, e garantir solo suficiente, nos lugares aptos para o cultivo, para ampliar a produción.
 - Impulsar a creación dunha cooperativa vitivinícola para garantir emprego vinculado ao sector.
 - Pór en valor as adegas do viño do país polo seu valor cultural e etnográfico e potenciar turisticamente todo o ciclo produtivo do viño.
- Especificamente, no que ten a ver co monte, e dado que o propio Concello é propietario de varios montes dentro do termo municipal, desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:
 - Defender, fronte ao modelo actual baseado en especies de crecemento rápido dirixido a nutrir as demandas da industria forestal, unha concepción máis ampla da xestión das superficies forestais como espazos produtivos e aínda como espazo colectivo, patrimonial, educativo e de lecer.
 - Propor a creación de liñas de axudas para a creación de planos de ordenamento forestal.
 - Traballar no recoñecemento e defensa dos montes veciñais en man común como ben social e servir de ponte entre comunidades e outros actores institucionais.
 - Diversificar os aproveitamentos do monte a través de programas de actividades municipais. Nese sentido, actuaremos para a mobilización produtiva das terras forestais e compatibilizar o seu uso co uso agrícola e gandeiro a través do desenvolvemento de actividades complementarias: produción apícola, plantación de cogomelos, froitas, silvo-pastoreo ... en colaboración co Centro de Formación Ocupacional municipal e mais cos centros de referencia do sector.
 - Asumir un papel activo en materia de vixilancia e conservación das masas forestais, controlando o impacto das pistas forestais, actuando na conservación das masas de frondosas ripícolas (de ribeira e marxe) e promovendo a protección de zonas de especial interese ambiental.

**Betanzos
Merece
Máis!**



- Loitar contra a lacra dos incendios forestais dentro da competencia municipal, traballando fundamentalmente na prevención e asegurando o cumprimento rigoroso da normativa de protección de núcleos rurais.
- Reclamar da Xunta a recuperación da profesionalización das brigadas forestais baixo mando único da administración galega e ampliar as liñas de axuda para equipamentos municipais de defensa contra os incendios (motobombas, vehículos adaptados, etc).

UNHA REINDUSTRIALIZACIÓN AO SERVIZO DO PAÍS

O BNG aposta nunha estratexia que permita planificar a actuación en sectores produtivos propios que pauten procesos de recuperación económica, social e mesmo cultural. Son estes sectores tamén os que contribúen a unha loita activa contra o desemprego xa que neles podemos encontrar grandes oportunidades para a contratación ou xacementos para proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais.

Por iso, o BNG traballará neste ámbito, desde unha perspectiva ampla xa que son moitos os casos en que será necesaria a visión supramunicipal que achega a comarca.

A investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación son para o BNG os eixos cos que transformar o noso modelo produtivo e mellorar a competitividade da cadea de valor económico dos sectores da nosa nación.

A industrialización avanzada debe ser un obxectivo prioritario para as administracións na estratexia de especialización e posicionamento dos concellos nunha economía máis intensiva en coñecemento e de maior valor engadido. A multidisciplinariedade e a converxencia tecnolóxica deben servir para desenvolver capacidades e solucións aos retos das cadeas de valor, locais e internacionais, e dar resposta ás necesidades de competitividade das empresas. Eis as vías nas que acreditamos para reverter a actual situación de carencia de servizos e falta de ocupación do polígono industrial de Piadela, entendéndoo parte dun conxunto comarcal do que fan parte tamén os de Bergondo, Coirós ou Espírito Santo.

Neste sentido, desenvolveremos algunhas liñas de actuación para revertermos a actual situación:

- Impulsar un acordo local para a creación de emprego desde unha perspectiva integrada e participada, en que se fixarán as directrices xerais básicas entre todos os axentes implicados, públicos e privados.
- Apostar pola estratexia de I+D+i como un dos eixos fundamentais para manter políticas sociais máis xustas, formando e educando á cidadanía para romper a fenda dixital e favorecer o acceso a todas as políticas públicas e ás oportunidades que se desenvolvan no plano dixital.

**Brabío
Merece
Máis!**



- Contribuír desde o concello ao desenvolvemento económico local a través de medidas indirectas, orientadas a resolver problemas estruturais como a mellora dos transportes e as comunicacións, de servizos tecnolóxicos e avanzados ás empresas, así como a unha ordenación territorial das actividades económicas que permita unha dotación adecuada de solo agrícola, empresarial e comercial:
 - Mellorar a accesibilidade ás redes de transporte e comunicación desde os polígonos promovendo o uso do tren.
 - Mellora do enlace dos polígonos Piadela Norte e Sur coa A6 reforzando a estrada de Viúxa.
 - Completar a dotación de infraestruturas como redes de telecomunicacións de banda larga ou depuradoras.
 - Mellorar os equipamentos e servizos básicos como limpeza, correos, hostalaría, transporte ou avanzados: xurídicos, financeiros, comerciais e técnicos necesarios para o funcionamento dos parques empresariais.
 - Modificación do planeamento urbanístico para permitir actividades terciarias complementares.
 - Mobilizar as parcelas baleiras de titularidade municipal, ben creando un viveiro de empresas, centro comarcal de transformación agropecuaria ou outras iniciativas públicas de interese, ben atendendo ao axeitado dimensionamento da actividade industrial.
- Posta en práctica dunha política de solo empresarial dimensionada en función da demanda real, orientada a corrixir tanto as deficiencias dos polígonos existentes como as consecuencias de ter as empresas sen ordenar no territorio.
- Establecer controis da calidade ambiental na actividade industrial para garantir tanto o dereito das persoas á saúde e o descanso como da propia actividade empresarial.

ORDEAR O TURISMO PARA XERAR RIQUEZA

O turismo representa entre o 11,5 e o 14% do PIB e o emprego do país. É unha actividade económica que produce cada vez máis retorno económico no territorio. Mais esa capacidade de xeración de emprego e de economía tamén implica riscos que outros países xa coñecen e que nós estamos a tempo de atallar.

Unha política turística responsábel debe coñecer e manexar datos e fixar obxectivos. Saber o que o turismo pode dar mais tamén desde que punto o turismo quita. Precisamos modelos turísticos responsábeis, ordenados e pactados socialmente, capaces de xerar emprego mais que non

As Viñas
**Merece
Máis!**



lastren en favor das economías sectoriais as precarias economías municipais nin cargas inasumíbeis pola poboación residente.

O turismo é economía, e como tal debe pactarse cos sectores implicados, mais tamén debe formar parte transversalmente das políticas municipais, para planificar as oportunidades mais tamén as solucións aos problemas que a actividade turística causa habitualmente.

A sustentabilidade, a calidade en destino, a protección do medio e do patrimonio, a promoción dos valores culturais, a economía circular e a xeración de oportunidades laborais de calidade para a poboación residente deben ser os eixos fundamentais nos que organizar unha oferta diversa e diferenciada da de outros territorios, que axude a equilibrar o territorio.

O actual modelo turístico implementado polo goberno do PSOE adoece de estacionalidade e falta de planificación: son eventos de masas que se pretenden lexitimar socialmente precisamente en base a estas cifras (milleiros de visitantes en Semana Santa, 150 000 persoas na Feira Franca, dez mil racións de tortilla vendidas nunha semana,...) e que, ademais, ofrecen unha visión pobre, reduccionista e até certo punto ficticia do produto turístico que pode ser unha cidade como Betanzos (Semana Santa segundo modelos alleos, tortilla e mercado medieval).

No BNG cremos que o patrimonio é o mellor motor económico que ten Betanzos. Neste sentido, rehabilitar e poñer en valor o Casco Histórico e o Pasatempo e sanear e dignificar o bordo fluvial é o mellor investimento que pode facer o Concello de Betanzos en políticas de emprego. Os traballos de rehabilitación, a actividade turística, servizos, comercio, hostalaría... as oportunidades de emprego que ofrece o patrimonio configúranos como a locomotora económica do noso municipio.

Neste sentido cómpre:

- Impulsar un modelo de turismo diferente, que evite as concentracións de beneficios nuns poucos mentres a veciñanza, o medio e o patrimonio padecen a maior parte das consecuencias negativas. O BNG impulsará un modelo de regulación transversal que teña en conta os efectos desta actividade no emprego, o medio, o transporte, a vivenda etc.
- Estabelecer criterios básicos de actuación en materia de infraestruturas turísticas, velando para que a actividade turística respecte, preserve e protexa a riqueza cultural, o patrimonio histórico-artístico e o ambiente.
- Comercializar de forma especializada os produtos turísticos nos mercados de demanda, afianzando e xerando unha dinámica permanente de comercialización mediante a creación de ofertas diversificadas.

Rehabilitar e humanizar zonas urbanas (o propio Casco Histórico, o bordo marítimo-fluvial e a súa continuidade en Caraña de Abaixo, o núcleo de Roibeira...) que impulsen o comercio e

**Tiobre
Merece
Máis!**



- hostalaría locais, e o aproveitamento do patrimonio arquitectónico en desuso como factor de atracción diferencial.
- Preocuparse permanentemente pola contextualización da oferta turística e patrimonial como parte da rica cultura galega e produto da nosa historia e do noso devir como nación.

A CULTURA COMO NICHU DE EMPREGO

O patrimonio natural e cultural, material e inmaterial, é un factor básico do desenvolvemento endógeno e por iso debe ser tratado, mais que como un elemento contextual, como un sector de elevado interese político. Nesa medida, debemos atender a relación entre patrimonio (conservación e identificación) e participación social para combater no novo escenario da globalización e as súas consecuencias sobre o binomio identidade – biodiversidade. Por tanto, abordaremos a posta en valor do patrimonio non só como recurso, senón como elemento fulcral na nosa conformación e cohesión como pobo galego.

Neste sentido cómpre:

- Traballar na recuperación de elementos patrimoniais materiais e inmateriais integrándoos na vida cotiá dos veciños/as a través de programas de actividades.
- Integrar todo o patrimonio na estratexia educativa, cultural e turística do Concello, creando paquetes de actividades que poñan en valor estes recursos e os dean a coñecer de forma contextualizada, ben inseridos no percurso histórico da nosa nación.

FREAR A EMIGRACIÓN XUVENIL E REVERTER O DESEMPREGO XUVENIL

Durante o actual mandato, dunha poboación xuvenil (16-30 anos) que roza as 1500 persoas, máis de 500 persoas comprendidas nesa franxa de idade abandonaron o municipio (e non hai datos aínda do 2022). Trátase dunha taxa de emigración xuvenil imposíbel de aturar e que, neste asunto tamén, reproduce a dinámica do país.

O BNG, na medida das posibilidades que o marco vixente permite, dará prioridade absoluta á implantación de políticas que fagan tornar a mocidade que se viu obrigada a deixar o país nos últimos anos e impidan que máis xente nova teña de o facer.

Entre as medidas urxentes para traballar nesta dirección, sinalamos as seguintes:

- Elaborar un Plan de emprego xuvenil adaptado á realidade de Betanzos, identificando sectores económicos que poidan ser xacementos de emprego e orientando as políticas de ordenación urbana, mobilidade e subvencións a favorecer a implantación de novas actividades económicas.

**Pontellas
Merece
Máis!**



- Impulsar a creación dunha rede municipal e/ou comarcal de empregabilidade para xente moza.
- Potenciar a creación de bolsas destinadas a tituladas superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.
- Apoiar proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais de xente moza a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuítos de uso individual e compartido para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxías.
- Crear un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no mundo laboral.
- Participar en iniciativas e programas comunitarios experimentais de emprego e autoemprego en colaboración con entidades e concellos de ámbito comarcal, e tamén en programas de cooperación entre concellos, Xunta e deputacións para facilitar a inserción laboral en novos xacementos de emprego.
- Crear redes de empresas comprometidas que favorezan a inserción laboral daqueles colectivos máis desprotexidos, “empresas colaboradoras”. Esta rede traballará mediante convenios a prol da igualdade de oportunidades entre todas as persoas, a través do establecemento de vantaxes para aquelas que se adiran.
- Traballar por mellorarmos a formación no eido laboral e mellorar a relación coas tres universidades públicas galegas e cos centros educativos, especialmente cos centros integrados de Formación Empresarial facilitando a creación de programas e actividades de prácticas.
- Intensificar a colaboración cos servizos públicos de emprego para canalizar axudas para a contratación de desempregados polas corporacións locais ou en empresas que colaboran cos concellos.
- O apoio das escolas-obradoiro centradas en recuperar a artesanía local, así como oficios especializados (cantaría, carpintaría de restauración, etc.) con alta demanda no mercado laboral e a recuperación de oficios que impliquen reparación, mantemento, reutilización e reciclaxe local de materiais e produtos usados.

Nos anos comprendidos no mandato da actual Corporación municipal (2019-22), sistematicamente máis de 400 mulleres ficaron rexistradas como demandantes dun emprego que non apareceu nin no municipio nin na súa área de influencia. A esta estatística cómpre sumar a cantidade de mulleres que, polos motivos que sexan, sequera deron o paso de se rexistrar como demandantes de emprego para termos imaxe de canto supera a taxa de desemprego feminina á

**Piadela
Merece
Máis!**



masculina e da necesidade de adoptar, desde o cativo das competencias municipais, medidas decididas para revertela.

Algunhas son:

- Impulsar actuacións dirixidas a garantir o acceso e a permanencia das mulleres no mercado de traballo en condicións de igualdade.
- Impulsar e apoiar a economía social e outras iniciativas que incorporen a perspectiva de xénero no seu funcionamento.
- Apoiar e promover o emprendemento feminino con axudas específicas.
- Favorecer a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar, ofertando prazas de escola infantil suficientes, programando actividades extraescolares, escolas deportivas municipais, etc.
- Crear un Banco de tempo municipal, para axudar a persoas desempregadas, xubiladas, estudantes... pode axudar no tema da conciliación.
- Establecer incentivos á conciliación dentro da propia Administración municipal.

No BNG defendemos a creación de emprego público vinculado a servizos básicos locais para a poboación, como vía prioritaria para crear emprego estábel, e especificamente dirixido aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego, como son as mulleres e os mozos e mozas. Para tal fin, adoptaremos as seguintes medidas:

- Reclamaremos a supresión da limitación á creación de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais, establecida nas leis orzamentarias do Estado e de Galiza.
- Apostar pola creación de emprego en servizos públicos locais, situándoo en niveis similares á media dos Estados do entorno europeo, como vía para crear emprego estábel e dirixido aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego (mulleres, mozas e mozos). Para isto promover a remunicipalización dos servizos básicos.
- Impulsar o centro de formación ocupacional municipal, cunha programación axustada á demanda do mercado. Buscarase a homologación de novas especialidades no centro en sectores onde haxa realmente demanda no mercado laboral relacionadas coas novas tecnoloxías, novas profesións e, no noso caso, os que poden ser útiles dadas as características do noso concello como os oficios vinculados á rehabilitación.
- Incorporar e aplicar cláusulas sociais na contratación pública: avaliación, nos procedementos de contratación administrativa do concello, para a selección da mellor oferta, alén dos criterios económicos, tamén outros criterios relativos ao emprego (estabilidade laboral das

**Requían
Merece
Máis!**



empresas ofertantes, creación de postos de emprego estábel relacionados coa obra ou servizo contratado, contribución no acceso ao emprego de persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos) e que desenvolvan unha política a prol da igualdade e a diversidade.

**Betanzos
Merece
Máis!**



**Betanzos
Merece
Máis!**

5

**A IDENTIDADE
COMO
FERRAMENTA DE
TRANSFORMACIÓN**





A identidade como ferramenta de transformación

Entendemos a política cultural como unha actividade inserida na realidade social e lingüística e non só como difusión de contidos, senón como apoio á creación, á produción propia, á investigación e ao asociacionismo cultural. Betanzos é unha cidade histórica que xogou un papel determinante por veces na Historia de Galiza e que estivo á vangarda tamén en creación artística ou a investigación. Ese é o contexto, desde a perspectiva do propio, en sintonía co que a Xeración Nós definiu “Galiza como célula de universalidade”.

UNHA VERDADEIRA POLÍTICA CULTURAL

Consideramos que unha política cultural verdadeiramente enraizada no país contribúe de modo crucial para o noso autocoñecemento e autovaloración como pobo.

Consideramos que cómpre democratizar o acceso á cultura, partindo da súa natureza como un dereito, e promover a participación activa da veciñanza no labor cultural, sexa de creación, difusión ou participación. Abandonar as políticas dirixistas e paternalistas que por décadas ten caracterizado a política cultural municipal, comprender que calquera recuncho do municipio é un espazo cultural e educador e readaptar e resignificar as infraestruturas culturais para poñelas ao servizo da veciñanza.

Por este motivo, propoñemos:

- Dinamizar o Consello Municipal de Cultura.
- Dinamizar e poñer en valor a Escola Municipal de Música Tradicional e o Grupo Azougue, deseñando unha programación estábel de concertos en espazos abertos, un programa de concertos didácticos nos centros escolares para poñer en valor a música tradicional galega e recuperando as danzas gremiais.
- Dinamizar e pór en valor a Banda Municipal de Música ao servizo da cultura galega, interpretando obras de compositores galegos, recuperando actividades coma os concertos didácticos e deseñando unha programación estábel de concertos en espazos abertos.
- Garantir o funcionamento continuado da Aula CeMIT cun programa formativo ininterrompido, garantindo o acceso ás TIC a todas as franxas de idade.
- Dinamizar os locais sociais municipais cunha caixa de recursos compartida (megafonía portátil, proxector e pantalla etc.) para facilitar a organización de actividades en todos os barrios e parroquias e a todas as entidades e cunha programación formativa para as persoas responsábeis das asociacións.
- Adquisición da Casa Gótica para, tras a súa reconstrución, abrir un centro sociocultural para o Casco Histórico.

**Brabío
Merece
Máis!**



- Dinamizar os locais de ensaio e poñer en valor a música que aí se crea, mellorando as instalacións e contando cos grupos para a programación cultural municipal.
- Reformar o Museo das Mariñas, destinando á súa colección o mosteiro de San Domingos, redistribuíndo salas, espazos e contidos para unha mellor contextualización das súas coleccións e fondos na historia do país, xerando sinerxías cos colexios, os institutos e o asociacionismo cultural.
- Traslado do Arquivo, Biblioteca Municipal Castelao, biblioteca infantil e sala de estudos ao Edificio Arquivo, dividindo funcionalmente os distintos espazos e equipándoos debidamente en función do seu destino, cun acceso independente para a sala de estudo que permita o seu uso polo estudiantado en horario nocturno.
- Poñer en marcha unha programación estábel de música de cámara, obras teatrais de pequeno formato, contacontos, cineclubes, etc. nas diferentes salas municipais e en espazos municipais infrautilizados susceptibles deste tipo de usos (lavadoiro das Cascas, grutas do Pasatempo etc.).
- Fomentar as industrias culturais galegas, especialmente nos ámbitos da edición, artes escénicas (teatro e danza), música, artes plásticas e investigación, co apoio e soporte do Concello albergando espazos creativos, creando redes e desenvolvendo circuitos de contratación.
- Fomentar e divulgar a cultura audiovisual, especialmente o cinema galego e a produción audiovisual galega.
- Apoiar o libro galego e as publicacións periódicas e diarias en lingua galega.
- Apoiar a creación e difusión da obra plástica de artistas galegos/as, tanto desde unha perspectiva histórica como actual.
- Desenvolver axendas culturais nas que haxa cabida para a participación da mocidade no concello, planificando, consensuando e executando medidas e programas que favorezan que a mocidade tamén faga vida nos concellos.
- Traballar na creación de programas de lecer alternativo para a mocidade, con espazos físicos propios destinados a elas: Locais de ensaio, skateparks, espazo de deporte alterativo, casas da xuventude etc.
- Apoiar e impulsar as manifestacións artísticas da mocidade do concello, facilitando espazos e medios para a súa difusión e proxección, así como buscar apoio para novas creadoras e creadores (audiovisual, artes escénicas, novas formas de creación etc.).

**As Viñas
Merece
Máis!**



APOIO A SECTORES EMERXENTES

Galiza ten un potencial por desenvolver no que atinxe a relación coas industrias culturais e creativas. Nos últimos anos asistimos en diferentes eidos ao desenvolvemento de iniciativas de especial relevancia quer na moda, quer no audiovisual, produción, música, deseño, ilustración... son múltiples as disciplinas en que se pode apreciar un xeito propio e diferente de facer e que merecen a consideración, apoio e impulso das Administracións.

Desde o BNG buscaremos as accións e medidas que faciliten a promoción destes sectores asumindo a súa importancia no desenvolvemento local a través das seguintes accións:

- Traballar no apoio destes sectores desde unha perspectiva integral e consciente, impulsando e visibilizando este tipo de proxectos asentados no noso territorio e acompañando.
- Crear redes de recursos compartidos e bancos de proxectos municipais que contribúan o coñecemento das experiencias.
- Traballar na creación e no fomento de novos públicos que poidan viabilizar a aposta por estes sectores.

PATRIMONIO

Para vivir unha vida digna é imprescindible poder gozar do patrimonio, poñelo en valor, traballar para o seu coñecemento e desenvolver unha planificación desde un pensamento autocentrado no país e nas galegas e galegos.

De maneira especial neste ámbito, o BNG oporase á política de privatización do noso patrimonio e ao seu uso con fins especuladores e lucrativos de empresas privadas. Por outra parte, unha verdadeira política de recoñecemento e valoración dos bens de interese cultural significa tamén un pulo importante á dinamización económica e contribúe a asentar poboación.

Galiza conta con un rico e diverso patrimonio cultural, material e inmaterial, que pervive nas cidades e nas parroquias como mostra dunha identidade forte, vizosa e dinámica. Betanzos, neste sentido, ben pode considerarse a mostra perfecta da realidade do país.

Os bens culturais non son elementos illados da súa contorna. Pola contra, deben ser considerados como parte do territorio e da comunidade. É así como adquiren valor real, opcións de uso e goce, e compromiso coa súa conservación e promoción. Por tanto, é mediante a rexeneración, a dinamización e a promoción do espazo público, a súa revalorización como escenarios de relación social, de convivencia e lecer, como se debe entender a posta en valor dos bens culturais, como parte dunha rica tradición, dunha identidade vizosa, mais sobre todo como instrumentos de cohesión social, de actividade comunitaria, de dinamismo socio-económico e de proxección de Betanzos.

**Tiobre
Merece
Máis!**



A acción de goberno do BNG, partindo desta concepción do patrimonio, irá dirixida a:

- Potenciar o sentimento de pertenza, identidade e orgullo dos veciños e veciñas arredor da historia, as tradicións, a paisaxe..., comprometendo a sociedade nun proceso de protección, conservación, uso e promoción do patrimonio local.
- Desenvolver accións que poñan en valor o territorio no seu conxunto, e que combinen actuacións complementarias en relación co medio natural e cos bens culturais.
- Considerar o patrimonio oral e inmaterial como parte fundamental do patrimonio cultural, e desenvolver liñas de actuación para a súa conservación, divulgación e goce pola cidadanía. Neste sentido, prestarase especial atención a recuperar, estudar, pór en valor e difundir todas as manifestacións da cultura popular:
 - As catro danzas gremiais (mariñeiros, xastres, zapateiros e labradores) rehabilitándoas debidamente, creando un festival específico para danzas brancas, musealizando vestiarios, elementos asociados e imaxes e inseríndoas axeitadamente na tradición do Corpus no antigo Reino de Galiza.
 - Mómáros, cabezudos, coca e gamachiños, musealizando vestiarios, elementos asociados e imaxes e inseríndoas axeitadamente na tradición do Corpus no antigo Reino de Galiza.
 - Patrimonio inmaterial e etnográfico vinculado ás actividades agrarias, mariñeiras e dos oficios.
 - Festividades desaparecidas vinculadas ao ciclo agrario (maios, lumeiradas, magostos).
- Promover os valores históricos e patrimoniais como factor de atracción turística, mais tamén de identificación nacional, procurando por tanto dalos a coñecer de forma contextualizada, correctamente inseridos na historia da nosa nación. Neste sentido, atendendo ao rol desempeñado por Betanzos na Idade Media no Reino de Galiza, propoñemos:
 - Apoio á investigación e difusión cultural de estudos sobre a Idade Media e o Reino de Galiza.
 - Adquisición da Torre de Lanzós para acoller un centro de interpretación do Reino de Galiza e a propia cidade medieval de Betanzos.
- Poñer o patrimonio ao servizo do desenvolvemento comunitario e da cohesión social, establecendo vencellos cos distintos sectores da poboación e fomentando a participación na súa protección, conservación e dinamización.
- Mobilizar enerxías e recursos a favor da investigación, protección, recuperación, difusión e aproveitamento dos valores do territorio, a paisaxe e a historia. A tal fin:
 - Mellorar o mantemento e sinalización dos roteiros existentes e sinalización de novos roteiros en torno a elementos singulares.

**Pontellas
Merece
Máis!**



- Posta en valor do patrimonio histórico espallado polos núcleos de poboación (Castelo de Porras, pontes de Beldoña e Roibeira, castros, conxuntos de muíños...).
 - Plan de Rehabilitación dos Cascos Históricos de Betanzos (Casco-Ribeira-Cañota, Condomiña, Ponte Vella-Os Remedios).
 - Posta en valor de xardíns e árbores de especial valor: Pasatempo, xardín da Estación, Cemiterio Vello, campos dos Caneiros e San Paio, campo da Feira Nova... e de árbores singulares.
 - Sinalizar roteiros con distancias en metros e minutos desde o centro.
 - Desenvolver desde o propio web municipal campañas específicas para dar a coñecer establecementos singulares, patrimonio oculto, etc.
- Recuperarmos a toponimia tradicional.

O PASATEMPO

O parque enciclopédico do Pasatempo, en definición de Luís Seoane, é un ben cultural único no conxunto do país, supeditado aínda ao desenvolvemento urbanístico proxectado polo PSOE no Carregal, asediado por edificios de nova construción e estética industrial sen integración posíbel no entorno (centros escolares, naves industriais, pavillóns, auditorio da parte nova do Pasatempo...) e constantemente ameazado pola estrada de circunvalación.

Intervencións de dubidoso criterio e períodos de abandono teñen provocado danos desde a súa adquisición polo Concello en 1986 e a ordenación prevista no seu entorno ameazan con descontextualizar por completo a obra, illándoa entre edificacións.

A proposta orixinaria do nacionalismo á hora de adquirirse o parque era a de integralo na cidade cunha grande zona verde até a beira do Mendo, conservando os vestixios que quedasen do primitivo Pasatempo e poñer en valor a propia historia e restos do parque como a nova riqueza ambiental da zona, renaturalizada. A execución do urbanismo desarrollista nos anos 90 truncou en boa medida esta posibilidade, arrasando con moitos restos orixinais do parque, mais aínda quedan pequenas illas nas que poder desenvolver esta idea.

Conscientes disto, a acción de goberno do BNG incidirá na conservación do centenario recinto e da parte menos urbanizada do Carregal e a posta en valor tanto da memoria do que foi como do que se conserva do Pasatempo, con accións como:

- Rehabilitación e mantemento do recinto histórico do Pasatempo, con achega suficiente de fondos nun plan plurianual.

**Piadela
Merece
Máis!**



- No planeamento urbanístico, reservar as parcelas contra o río Mendo para reconectar a parte nova do parque coa fraga de ribeira e retirar a estrada que divide o parque, derivando o tránsito local a outras vías do entorno.
- Retirada da pasarela metálica e recuperación do acceso orixinal á zona de grutas co axardinamento deste novo espazo. No espazo que libera a pasarela na parte nova do recinto, posta en marcha dun concurso de deseño de xardíns públicos vinculados a espazos históricos.
- Sinalización de roteiros autoguiados sobre os diversos elementos que aínda hoxe encerra o parque: botánica, simboloxía oculta...
- Creación dun centro de interpretación que contextualice o parque no país e a época, que explique as distintas fases da súa historia e dea as claves dos traballos de conservación que se desenvolven.
- Recuperación de elementos espallados do parque histórico para a súa inserción na colección do centro de interpretación.
- Nas traseiras do pavillón e piscinas municipais, instalación de murais de vistas do parque antigo para poñer en valor o conxunto desaparecido.
- Apertura de ventás arqueolóxicas no antigo recinto do Pasatempo para explorar a viabilidade de, a medio prazo, escavar o estanque dos papas.

MEMORIA HISTÓRICA

O concepto de 'memoria histórica' ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, -que non remata tampouco no momento en que se reforma o réxime franquista con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional.

Cómpre, por tanto, apoiar desde os concellos todas aquelas actividades que contribúan para deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo.

Entre outras, tomaremos as seguintes medidas:

- Fomento da investigación da historia local como xeito de favorecer a conciencia nacional.
- Eliminación da simboloxía e do rúeiro alusivo ao golpe de Estado e á ditadura franquista.

**Requián
Merece
Máis!**



- Programa de posta en valor da nosa memoria nacional: poñer en valor, celebrar e conmemorar datas e aniversarios significativos para a Historia do noso país.
- Dereitos humanos: tratamento desde as institucións públicas galegas, a través dun protocolo ou marco de actuación único que estableza unhas garantías de rigor para a práctica de exhumacións.
- Rehabilitación e investigación sobre a xeración de autor@s esquecid@s e silenciad@s polos poderes públicos de Galiza e que tiveron especial compromiso coa lingua propia e a cultura e a identidade galegas.
- Conscientes de que tamén na batalla pola democracia e as liberdades nacionais e populares o noso País tivo unha dinámica propia, defenderemos políticas de memoria que partan da nosa identidade e da nosa historia.

DEREITOS E SÍMBOLOS NACIONAIS

Cremos que os concellos galegos deben desempeñar un papel de primeira orde na cohesión da comunidade nacional galega e na afirmación da súa identidade, como parte do proceso de emancipación nacional. Neste sentido, o BNG defende as seguintes medidas desde o poder local:

- Os concellos dirixiranse sempre á comunidade nacional galega, sen aceptar declaracións ou símbolos que afirmen a nosa asimilación.
- Os concellos farán explícita a súa defensa do dereito de autodeterminación, e poderán cooperar e asociarse para defender a nosa soberanía nacional.
- Os gobernos municipais defenderán internacionalmente a nosa realidade diferenciada e actuarán como representantes do poder local galego.
- Os gobernos municipais nacionalistas visibilizarán permanentemente a pertenza á Galiza e os símbolos nacionais galegos, nomeadamente nos lugares máis emblemáticos do poder institucional (fachada da Casa do Concello, salón de plenos) e nos espazos públicos.
- Os representantes municipais nacionalistas manterán sempre unha práctica coherente de defensa da democracia e da nación galega, tamén fronte a todo aquilo que, no plano xurídico-político ou simbólico, supoña a súa negación.
- Os concellos, entendendo o deporte como un factor de socialización e cohesión social, potenciarán e defenderán a plena capacidade do deporte galego para se desenvolver, promovendo as federacións e competicións propias e a plena participación internacional.

**Betanzos
Merece
Máis!**

